




asociación de escritores  en lingua galega

XXV Aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega

Escrita Contemporánea



Congreso
XXV Aniversario
da
Asociación de Escritores
en Lingua Galega

Edita: Asociación de Escritores en Lingua Galega
www.aelg.org / oficina@aelg.org

© Fotografías: Héctor Fernández (Olo de vidro-A.C. Alexandre Bóveda)

Capa: Carlos e Tomás Soaxe

Depósito legal: VG-1293-2005

ISSN 1989-7340

Impresión: Alfer Industria Gráfica
Estrada de Peinador a Puxeiros - 36417 Mos



Congreso
XXV Aniversario
da
Asociación de Escritores
en Lingua Galega

Acto de apertura



De esquerda e dereita: Susana Portela, Bernardino Graña, Cesáreo Sánchez e Luís Bará.

O pasado 3 de maio fixo 25 anos que se constituíu a Asociación de Escritores en Lingua Galega, aquí mesmo, no Mosteiro de Poio.

Non sei se conscientemente ou non, elixiron o que durante moitos séculos fora o gardián das palabras, das ideas, da cultura; e, dende aquel día, recolleron o testemuño desta responsabilidade, asumindo, deste xeito, o papel de gardiáns e paladíns das palabras, das nosas palabras, das palabras da nosa lingua.

Nembargantes, sós, aillados, non poderán levar a tarefa doadamente; se nós necesitamos deles, da súa xenerosidade creativa, do seu talento compartido, eles necesitan de nós. Porque en canto nós máis amemos, defendamos e usemos a nosa lingua, eles e nós seremos máis fortes, a nosa identidade cultural máis rica e sólida, e Galiza máis de nós e nós máis dela.

Grazas por elixir o noso Concello para celebrar esta significativa data; esperamos que, polo menos, durante outros 25 anos todos poidamos sentir, soñar, chorar e rir utilizando ese don marabilloso da palabra.

Susana Portela Freire
Concelleira de Cultura do Concello de Poio

Quero darlles a benvida cordial no nome do Concello e da cidadanía de Pontevedra, que vai compartir co concello de Poio nestas dúas xornadas a acollida a este congreso de XXV aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega. E tamén en nome dunha colectividade como a de Pontevedra e a súa comarca que ten unha moi antiga e fecunda relación coa literatura, desde Paio Gómez Chariño a Cabanillas, do Padre Sarmiento a Castelao, de Xoán Manuel Pintos a Losada Diéguez, a Luís Amado Carballo, e a tantos outros que ao longo da historia e tamén nos tempos actuais, constrúen a nosa cultura, constrúen a nosa literatura. En nome tamén dunha terra que quere abrirse paso cara o futuro, desde a conciencia da súa identidade galega, desde o compromiso coa memoria histórica e co desenvolvemento pleno da nosa lingua e da nosa cultura. E tamén desde a recuperación da paisaxe, e especialmente desde unha ría, castigada pola historia, castigada pola especulación e pola imposición doutros tempos, felizmente xa pasados, e que nestes tempos empeza a ver algunha esperanza, e quere converterse nunha grande factoría, un grande espazo, unha grande fábrica de beleza, de riqueza, de traballo, de benestar e de calidade de vida para todos os pontevedreses, para todos os galegos e galegas.

Quero transmitirilles os parabéns á Asociación de Escritores en Lingua Galega polo XXV aniversario; este é un logro que hai que agradecer especialmente ás persoas que crearon a Asociación alá no ano 80, e tamén a todos os escritores e escritoras que lle deron vida ao longo destes 25 anos.

Vivimos nestes últimos tempos uns momentos de celebracións, de aniversarios, de moitas entidades e organizacións, asociacións culturais, organizacións sindicais e políticas, empresas editoriais, publicacións, grupos de música e teatro, e estas conmemoracións permítennos chegar a algunhas conclusións, a respecto do que foi a evolución da traxectoria da cultura galega nestes 25 anos, nestes tempos últimos. En primeiro lugar, recoñecer o pulo dinamizador que tiveron naqueles anos, sobre todo os anos finais da década dos 70 e dos primeiros 80, cando se puxeron en pé tantas iniciativas, tantos proxectos culturais, levados a cabo por persoas que collían o mellor do traballo, da tradición, do compromiso con Galiza no século XX; e tamén a importancia da traxectoria destes 20, 25 anos de continuidade, de compromiso, e a importancia do feito, a pesar das dificultades, a pesar dos atrancos, a pesar de que as condicións non sempre foron favorábeis, e a pesar de que en moitos casos se contou coa oposición ou coa falta de colaboración das institucións, sobre todo das institucións galegas, que debían ser as máis comprometidas.

E, polo tanto, despois desta traxectoria, despois de 25 anos e despois de toda a traxectoria histórica que se viu na nosa cultura, podemos dicir que é un logro moi importante este compromiso de 25 anos coa literatura galega, que é moi importante o traballo da Asociación de Escritores en Lingua Galega e a de outras moitas agrupacións e entidades para conseguir avances nestes últimos tempos; a maior parten dos avances, senón todos, foron conseguidos precisamente por esa mobilización, por ese compromiso. E ser conscientes tamén do bo momento que está vivindo a nosa cultura e a nosa literatura, sobre todo polo traballo da xente que a fai desde a base, desde as asociacións, desde o traballo cultural ao longo de todo o país.

Eu penso que o bo momento que vive a literatura galega é tamén parte dese momento de dinamismo, de vitalidade que está a vivir a nosa cultura nos últimos tempos.

Pero é necesario seguir avanzando, seguir transformando a realidade, é importante que haxa novos avances, novas transformacións. Eu penso que é o momento de mirar cara atrás para valorar a importancia de todo o conseguido pero, sobre todo, é o momento de encarar o futuro, con optimismo, con confianza, pensando en que temos que abrir unha nova etapa, un novo tempo histórico para o noso país, unha etapa de transformacións, unha etapa na que as institucións políticas do noso país teñan un verdadeiro compromiso co noso país, coa nosa lingua, e abrir un novo tempo, unhas novas décadas, un novo século no que se poda levar a cabo a definitiva recuperación, a definitiva normalización da nosa lingua e da nosa cultura. Estamos convencidos de que imos poder abrir esa nova etapa co traballo dinamizador de toda a sociedade, recuperando precisamente ese pulso que tanto se desenvolveu nos anos 70 e nos 80, e tamén transformando as institución do noso país, nesa dirección que dicía antes, e para iso é fundamental o traballo de todos, é fundamental tamén o traballo que fagades desde a creación e desde a Asociación de Escritores en Lingua Galega.



Luís Bará
Concelleiro de Cultura de Pontevedra



Sres. Alcaldes, Benqueridos compañeiros e amigos e amigas:

Acollidos polo quentor agarimoso da ría de Pontevedra e das terras de Poio e Combarro, reunímonos neste Mosteiro de San Xoán de Poio para celebrar vinte-cinco anos da fundación da nosa asociación. Hoxe, aquí, ollamos un algo cara atrás e facémonos fértil presente e ollámonos no futuro máis noso.

Son tempos de profunda mudanza para o escritor, con cambios rápidos e bruscos. Sempre foi así para os escritores galegos como parte da dialéctica da historia de noso. O escritor sempre foi dinamizador da evolución das ideas que permanecen, deste anaco de humanidade que somos os galegos.

Ao longo deste vintecinco anos fomos construíndo a propia obra coa mesma materia coa que fomos escribindo a vida, coa mesma materia que todos os seres humanos construímos os soños, única forma de poder enganar o paso do efémero, coa calidez da caricia dos seres que deixaron no noso ser palabras imborrábeis.

O noso camiño como escritores e escritoras sempre o foi dentro dese outro camiño que é ser fillo dunha terra e dun tempo, dunha lingua; nela andamos a buscar, nos seus silencios, a palabra aínda non nacida, a aínda por nomear, a que leva centos e centos de anos a se facer, como se fai o sábrego máis humilde no lento proceso da auga manseniña do regato a labrar a laxe.

Duro e necesario é devolver outras ao silencio para renacelas, enchéndoas con soños novos feitos de imaxes, sons, aromas, ou pensamentos acabados de nacer.

Os escritores e escritoras traballamos ás veces nas terras do indicíbel, mais camiñamos o noso destino individual ao traveso do destino colectivo do noso idioma.

Se a creación literaria consagra o momento histórico, concreto, de cada experiencia persoal do escritor, e que non sempre coincide co momento histórico colectivo, a nosa experiencia persoal nunha obra persoal é sempre debedora da experiencia das moitas xeracións que depositaron en nós a palabra creadora. Dela vimos e a ela axudamos a conformar, coa nosa escrita, o seu ser colectivo.

Cada escritor nace dos soños soñados por moitas xeracións que o precederon. Nacemos como fillos dunha cultura que se adiviña nas pedras de abalar.

Ollamos no infinito que comeza en cada humilde cousa e asumimos unha certa transgresión da linguaxe para ir mais lonxe do que ollamos humanamente, para crearmos outra realidade, outra terra, outro o tempo dela, para gañar de novo a súa presenza á luz do presente.

Cando os que nos negan como pobo negan a rotunda realidade nosa do humano, nós coa escrita afirmámola expresándoa, pois somos a mesma realidade magoada.

Dinos Seamus Heaney dos poetas de Irlanda do Norte: “Son poetas que senten cunha forza especial a necesidade de ser fieis á natureza negativa das evidencias, ao tempo que mostran unha chama positiva, a necesidade de ser, a un tempo, socialmente responsábeis e creativamente libres”.

Asumimos o noso papel na medida na que socialmente somos recibidos e non xa como fala Otero dos seus predecesores: “Os poetas, de aquela, sabían guiar á xente”.

Máis que guiar, sinto que o lugar do escritor é o de suxerir os moitos camiños que o ser humano ten no seu interior, e neles pode elixir para a realización da súa identidade individual ou colectiva.

Gostaría reivindicar para o escritor dunha nación sen estado como a nosa, o papel de quen abre os camiños posíbeis, nos que soñar o vivir do día a día, sexa a afirmación dun acto de liberdade.

Otero añoraba os tempos de Añón e eu reivindico a Otero cando fala de que cada pobo debe escoitar as arelas da alma colectiva nas palabras dos escritores. É tamén súa a afirmación, que fago miña, de que as almas dos pobos morren, isoladas. E que toda cultura precisa alimentarse de novos horizontes, ese é o noso camiño: coa escrita somos os depositarios do ser colectivo, escribemos e facemos eterno o encontro do home coa súa terra.

Diante dos moitos estímulos procedentes dunha globalización edulcoradamente colonizadora e etnocida, é o escritor o que peneira e decanta o que permanece para o incorporar á nosa cultura.

Se coa escrita literaria buscamos en nós as nosas claridades, se toda grande literatura debe ser unha resposta e negar a morte colectiva, a nosa literatura enfrontase día a día, ademais, á asfixia do noso idioma. Responde con vida, creando idioma ao lle dar ás palabras unha outra tensión un outro significar.

Celebrar un vintecinco aniversario é celebrar vintecinco anos de historia do noso país da creación dunha literatura, de erguermos o sentir na súa dimensión ética e estética, na súa dimensión de beleza e de verdade.

Ollar as xeracións que desde o seu nacemento deron vida á AELG, é ollar a historia de moitos e moitas de nós que, coas máis diversas idades, fundou agrupacións culturais, deu á luz editoriais, prensa crítica; a mesma que se deu a si propia organizacións veciñais e sindicais que vertebraron culturalmente o tecido social do noso país.

Fomos ao longo destes anos un movemento social, cualitativamente moi importante porque deu contidos de beleza e dignidade. Toda literatura ten moita estética mais tamén unha ética, e a ética do escritor galego foi sempre a de construír unha literatura á altura do home e a muller do tempo noso.

Creamos futuro contra de toda desesperanza, contra da desmemoria.

Que o escritor e a escritora traballen nunha situación de soidade creadora, non significa que teñan que ser excluídos de participar coa súa imaxe e co seu pensamento na conformación da nosa sociedade. Nosas son as ledicias e as mágoas do ser colectivo do que formamos parte. Coa creación tentamos normalizar a nosa cultura e a nosa historia. Somos escritores galegos porque escribimos en galego. O noso é o compromiso coa expresión cultural mais fonda do ser da nosa identidade.

Como nos alertaba Walter Benjamin, non alimentaremos a compracencia do mundo das imaxes contra do pensar, mais cremos que hai que dar máis visibilidade social ao escritor que esta a ser ocultado no seu espazo de creación con outros imaxinarios, desaparecéndomos da dinámica social.

Todo isto ten que ver co prestixio social do escritor, que sempre tivo na nosa cultura nacional, e que está a ser minorizado. Penso nos países, como Irlanda, que educan na obra dos seus escritores e fundan a súa iconografía, en grande parte, arredor da súa imaxe.

Creo, sinceramente, que deben ser utilizados con máis frecuencia nos medios audiovisuais e escritos, a imaxe do escritor e os contidos do seu pensamento, pois, ao mesmo tempo que está a construír unha cultura, esta a ser dinamizador dela.

Apoiamos como un sector estratéxico da nosa economía e da nosa cultura a industria do libro, pois somos parte dela, somos os que lle damos os seus contidos, mais creo sinceramente que debería existir unha lexislación específica para o promoción e o fomento da creación cultural escrita, onde a figura do escritor terá que emerxer en toda a súa claridade, como parte determinante da normalización cultural do noso país. Para que os galegos non camiñemos atoutiñando cara a nosa realidade futura.

Fica aberto este congreso do noso vintecinco aniversario.

Cesáreo Sánchez Iglesias
Presidente da AELG

No XXV Aniversario da AELG en Poio

Nos derradeiros anos da década do setenta do século pasado, houbo en Galiza moita inqueda e actividade política e cultural. No 1977 e nos seguintes, baixo o empuxón dos membros do “Pen Club catalán” e mais da “Associació d’escriptors en llengua catalana”, tratouse de facer aquí unhas asociacións semellantes. Despois de varias xuntanzas, tras ter “montado”, en abril de 1977, un “Pen Club galego”, que abullou, que quedou en nada por diversas circunstancias, pasouse a artellar unha “Asociación de Escritores en Lingua Galega”, que quedou definitivamente constituída o 3 de maio de 1980. É dicir: os 25 anos xa os cumprimos. Ou sexa: nace a Democracia e nace a nosa Asociación. Nace a Democracia pero con cadeas para o pensar. O venres 5 de setembro dese 1980, na páxina 41 de La Voz de Galicia, por suposto en castelán, dise que a policía detivo a nove persoas: José Luís Nieto Pereira, alias “Pelos”; Antonio Arias Curto, entón tenente de alcalde de Monforte de Lemos pola candidatura do BNPG; Francisco Xavier Atanes Gómez; Xosé Cid Cabido, daquela de 21 anos, aínda non coñecido como escritor; Arturo Estévez Rodríguez, militante de “Irmandade Galega”, caracterizado “de forma especial por su constante y activa participación en la oposición de la Autopista del Atlántico”; Antón Bértolo Losada, segundo o periódico “muy conocido en los medios políticos como «el farmacéutico de Vilaboia»”; Xosé Patricio Recamán, tenente de alcalde da citada Vilaboia (Pontevedra) pola “Unidade Galega”; Manuel Pousada Covelo, profesor mercantil e economista ... e mais Xosé Luís Méndez Ferrín ..., do que di, en castelán por suposto, que é “natural de Vilanova dos Infantes. Ten 42 anos e está casado coa escritora María Xosé Queizán. Ten dous fillos. Foi fundador da UPG na que militou ata que en 1977 fundou o PGP”. Deste PGP di o periódico que é o Partido Galego do Proletariado. Tamén di que aos nove lle foi aplicada a “lei antiterrorista”. Unha lei que aplicaba “terroristicamente” o vocábulo “terrorista” para referirse a persoas pacíficas. A persoas das que non se demostrara que andaban nalgún terrorismo.

A primeira actividade levada a cabo por esta Asociación foi o día 11 de Novembro de 1980 en Barcelona ante un público de escritores pertencentes a aquelas dúas asociacións: o Pen Club e a Associació d’escriptors en llengua catalana. Simplemente, o secretario, Alfonso Pexegueiro, e mais eu, Presidente, fala-


mos e informamos de quen era e como estaba Xosé Luís Méndez Ferrín. Naquel momento Ferrín quedaba no cárcere, en Segovia. Non sabiamos naquel momento que había outro escritor perseguido: Xosé Cid Cabido. El era moi novo para que o soubésemos.

En marzo do 1981 tiven que ir, en Mondoñedo, acompañando o cadáver de Álvaro Cunqueiro desde a súa casa ata o cemiterio cunha gran coroa de flores na miña man dereita.

Dous meses escasos despois, o 3, 4 e 5 de maio, aquí, aquí mesmo, neste Mosteiro de Poio, tiven que presidir, traballar, no primeiro Congreso literario de Galicia. Tocoume a min. Co peruano Manuel Scorza de invitado especial. Con Claudio Murilo, de Brasil. Con Egipto Gonçalves, José Augusto Seabra, Manuel Ferreira, de Portugal. Tocoume.

Como lle tivera podido tocar a Uxío Novoneira, a Avilés de Taramancos, a Xosé María Álvarez Cásca, a Euloxio Rodríguez Ruibal... Ou tivera caído enriba de Miguel Anxo Fernán-Vello, de Xoaquín Agulla Pizcueta, de Yolanda Castaño, de Carlos Negro, de Mercedes Queixas Zas... Ou lle tivera podido tocar, como xa lle tocou agora mesmo, a Cesáreo Sánchez Iglesias, noso querido Presidente.

Bernardino Graña



Intervención para a entrega das cintas gravadas do I Congreso de Escritores en Lingua Galega

Hai vinte e catro anos celebrouse aquí, neste mosteiro de Poio, o I Congreso de Escritores en Lingua Galega en medio dun sen fin de dificultades, e non só económicas, senón tamén políticas e culturais; sen embargo, a recién creada AELG fora quen de reunir neste mosteiro preto de douscentos escritores e durante tres días convivir, discutir e chegar a unhas conclusións que se recolleron o último día e que seguen a ser tan actuais como hai vinte e catro anos.

Hoxe celebramos no mesmo sitio o XXV aniversario da Asociación. Pero eu non podo menos de lembrar aquel I Congreso celebrado durante os días 2, 3 e 4 de maio de 1981.

Neste I Congreso participaron algúns pintores do grupo Atlántica; así Manuel Moldes fixo a pegatina do Congreso e un mural para o salón de actos que estaba

colgado aquí detrás miña; aquí enriba puxeramos unha pancarta co lema inspirado en Cunqueiro: Mil primaveras máis para Galicia; Guillermo Monroy fixera outro mural para a aula das ponencias e Antón Patiño o cartel do Congreso. Creo lembrar tamén que o grupo Atlántica, aproveitando o noso Congreso, tivera, creo que o día 2, unha xuntanza xeral.

A inauguración do Congreso fora feita por Rafael Dieste e Carballo Calero.

Naquel I Congreso gravamos a inauguración, as ponencias e as conferencias que alí se deron, así como os debates, e isto foi o que me fixo a min hoxe subir aquí, neste XXV aniversario da AELG, para entregar ao presidente actual da Asociación, Cesáreo Sánchez Iglesias, as cintas gravadas e que forman parte xa do patrimonio da Asociación.

Grazas.

Alfonso Pexegueiro



Conferencia inaugural

Presentación da Conferencia inaugural

Carlos López Bernárdez é licenciado en Historia da Arte e na actualidade exerce a docencia da materia de Lingua e Literatura Galegas.

O seu campo de traballo é heteroxéneo, dedicando os seus estudos ensaísticos ao terreo da literatura, da arte e da pedagogía.

A respecto da crítica literaria, tennos ofrecido a edición de *Fírgoas*, de Manuel Luís Acuña (1992), a *Obra dramática de Ramón Cabanillas* (1996), De catro a catro de Manuel Antonio (1991) ou *A emoción da Terra. Poesía de Vicente Risco* (1994), entre outros. En colaboración con Xosé Ramón Mariño Ferro publicou en 2002 o *Romanceiro en lingua galega*.

Canto ao seu compromiso pedagóxico é reseñábel como coautor do volume *Literatura galega, século XX* (2001), ademais da súa participación no Proxecto Xerais de libros de texto para a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria.

O estudo da nosa arte é merecedor do ensaio *Bestiario en pedra. Animais fabulosos na arte medieval galega* (2001).

Participou en 2003 no volume colectivo *Alma de beiramar* (A AELG en contra da marea negra), concibido como un berro colectivo contra a catástrofe non esquecida nin moito menos superada do Prestige.

Se ben xa en 1990 Carlos López Bernárdez nos achegara un pouco máis á personalidade creadora de Lorenzo Varela, editando a súa *Poesía galega*, neste ano 2005, os dous escritores volveron da man máis unha vez á actualidade, grazas ás edicións de varios traballos divulgativos da figura de Lorenzo Varela, un valor humano e literario recuperado para o noso presente co gallo da merecida homenaxe do Día das Letras Galegas. Referímonos aos volumes *Lorenzo Varela. Vida e obra* e *Lorenzo Varela. Biografía e antoloxía*, destinados a públicos diferentes, incluídas as xeracións máis novas (estudantes dos últimos ciclos de educación primaria e secundaria), que dispoñen nestas páxinas dun primeiro achegamento a este autor tan próximo aínda para moitos escritores e moitas escritoras actuais.

E xa por último, é xusto destacar aquí neste congreso que celebra os XXV anos de singradura continua da AELG, que unha parte deste longo percorrido é debido ás responsabilidades asumidas por Carlos López Bernárdez durante tres

anos desde o cargo de Vicepresidente da AELG e que máis unha vez o consello directivo actual, así como o conxunto de socios e socias da AELG, queremos agradecer e facer extensivo ao equipo de traballo en que colaborou, sostendo e acrecentando o testemuño herdado de todas as directivas anteriores.

Moitísimas grazas por compartires esta xornada con todos e todas nós. E grazas tamén por ofrecernos este paseo polos últimos 25 anos de literatura en galego, que asemade son 25 anos de lingua galega e 25 anos de apoio á construción deste país desde a perspectiva da escrita. Toda unha experiencia que nos permitirá unha aposta de futuro.

Mercedes Queixas Zas
Secretaria Xeral da AELG

XXV anos de Literatura galega

In memoriam Luísa Villalta

O profesor Antón Figuerola, no seu libro *Nación, literatura e identidade*, definía a nosa cultura como unha cultura en constante “estado de obras”, permanentemente en proceso de constante construción. Certamente calquera contexto cultural, e nomeadamente o literario, está sempre en estado de construción porque de non ser así estaríamos perante unha realidade fechada, dunha cultura museábel e, xa que logo, definitivamente “morta”. Mais debemos entender que cando falamos dun contexto literario como o galego e o cualificamos de “en construción”, temos en perspectiva un punto de partida, un “horizonte de expectativa” e unha utópica chegada, que, evidentemente, non queremos definitiva, senón un novo esteo no camiño do asentamento dunha lingua e dunha cultura nacionais, en definitiva, dunha cultura que quere gañar novas batallas na historia e como case sempre contra a historia, contra esa “historia contada noutra lingua” á que se refería desde o compromiso poético e político Celso Emilio Ferreiro.

Ninguén pode, daquela, esquecer de onde vimos, quen somos e a onde queremos chegar.

O “onde vimos”, o punto de partida e xustificación das palabras citadas inicialmente de Antón Figuerola, é, evidentemente, o Rexurdimento, un inicio que nos sitúa na perspectiva da conquista dun espazo cultural propio, un camiño no que durante os cento cincuenta últimos anos levan deixado o seu pouso xeracións de galegos. Uso o concepto de “espazo cultural propio” seguindo a terminoloxía de Jürgen Habermas, entendendo que no caso do noso país esta conformación dun lugar, dun universo propio e dun “espazo cultural”, se vén realizando desde o século XIX gañando terreo á cultura dominante española, que no século XIX ocupaba a práctica totalidade dos usos lingüísticos cultos e da produción cultural elevada. Convén lembrar que este espazo ao que nos referimos foi –e segue aínda a ser en parte– permanentemente discutido desde sectores contrarios á normalización, como lembraba Curros Enríquez n’*O divino sainete*, cando a personaxe da “envexa” tentaba negar a propia existencia do Rexurdimento.

Coa perspectiva do tempo transcorrido, acho que é un óptimo momento para a reflexión –de aí a oportunidade deste congreso–, para botar contas, tomar folgos

e introducir os necesarios mecanismos de corrección no noso discurso e pórse a actuar sobre o tecido social.

Sen dúbida convén evitarmos as falsas ilusións que a respecto da nosa cultura literaria nos podíamos facer hai vinte anos, mais tamén cómpre evitar o enroque en posicións puramente testemuñais ou de simple resistencia.

É evidente que hai factores sociais moi preocupantes que xogan contra a nosa cultura. O primeiro é a auténtica situación da lingua galega, lonxe da súa normalización e con preocupantes síntomas de perda de usuarios “reais”, o que non axuda á creación de lectores en galego. En relación con este feito, o contexto político até esta altura non favoreceu un necesario proceso de normalización que puider axudar de verdade á lingua e, xa que logo, á literatura galega.

Se estes factores singulares da nosa realidade social non fosen abondo, cómpre termos en conta que no contexto global no que nos situamos cada vez con máis intensidade, o papel do escritor, do intelectual, está fortemente cuestionado, en certa medida “guetificado”, fenómeno máis acusado aínda no noso caso pola non normalización da nosa cultura, mais que é un fenómeno que xa se fai sentir desde o século XIX, cando Baudelaire, por exemplo no seu poema *Le Cygne* se situaba como estraño ao seu propio ámbito social, perdidos os referentes que o creador e o intelectual semellaba posuír, ao menos desde a Ilustración. Walter Benjamin moi expresivamente explica que Baudelaire foi “o primeiro en se decatarse, e do xeito máis rico en consecuencias, de que a burguesía estaba a piques de lle retirar o encargo ao poeta”, é dicir que a súa función social entraba en crise e polo tanto precisaba unha reformulación da súa función na sociedade.


Lonxe do papel de guieiro do seu pobo que quería Eduardo Pondal hai máis de cen anos, o escritor galego non pode resignarse a unha dourada privacidade, ben pola contra, debe, debemos, continuar polo vieiro dun compromiso coa palabra galega, unha das principais razóns de ser da nosa actividade intelectual, mais tamén o noso traballo debe levarse a cabo cunha intensa vontade de esforzo no ámbito social, do que o labor da propia AELG é un notábel exemplo.

Nesta liña, é preciso un esforzo por conectar cos máis dinámicos movementos sociais do país, como ben se fixo no caso da catástrofe do *Prestige* co movemento “Nunca máis” e coa “Burla negra”. Pero, alén diso, cómpre desenvolvermos estratexias para que a presenza do escritor galego chegue a sectores da poboación que se manteñen á marxe do proceso de normalización do uso da nosa lingua, en especial debemos facer un esforzo –e neste encontro podemos debater liñas de acción– para chegarmos a un sector urbano, cada vez máis numeroso, que, situándose en posicións máis ou menos progresistas, está cada vez máis castelanizado e, daquela, afastado do que a escrita galega representa como valor cultural, identitario e como activo rexeneracionista para o conxunto da nosa nación.

Penetrar nestes sectores, romper barreiras e preconceitos é, pois, unha auténtica necesidade, para que entre todos poidamos conseguir que o mundo cultural galego se faga absolutamente imprescindible e poder abrir fendas no cerco ao que os medios máis poderosos –especialmente de comunicación– nos someten. Porque aí está unha das chaves para comprender as carencias da construción dun espazo cultural-literario propio. Se nestes vinte e cinco anos a nosa literatura deu pasos decisivos cara á súa normalización total como xeradora dun discurso literario e reflexivo propio, as eivas están vinculadas ao contexto sociolingüístico e político que nos toca vivir. Mais esta constatación non nos pode levar máis que a establecermos estratexias de transformación desta realidade, nas que o asociacionismo debe ser un factor de primeira orde coa AELG, a Asociación de Editores, a Asociación de Tradutores e outros colectivos nunha mesma liña de traballo.

Os escritores debemos apoiar e mesmo potenciar iniciativas normalizadoras, participando en todos os foros e institucións e axudando á creación de medios de comunicación galeguizados e á galeguización dos xa existentes. Pero o presente globalizado exponnos a novos retos, que deberíamos asumir seguindo a mellor tradición da intelectualidade galega que nos precedeu, e coma eles abrir a nosa ollada para dentro e para fóra. Cómpre que o escritor galego dialogue coa tradición da que vimos, mais tamén que sitúe ese diálogo no ámbito universal, igual que fixeron os escritores da Xeración Nós cando falaban de establecer canles de comunicación directa co exterior sen intermediarios, ou o mesmo que desde o exilio fixo boa parte do noso mundo literario. Continuarmos nesta liña pode e debe contribuír a acrecentar o noso “espazo cultural propio”, que, debemos ser conscientes, apenas pode existir se non é ao tempo “nacional” e “universal”. O escritor precisa, pois, situarse nun plano de acción “reflexivo” e “dialogante”. Unha reflexión e un diálogo que se poden manifestar en varios niveis: sobre o plano de relación coa tradición literaria galega e universal; en intimo diálogo entre eles mesmos e, finalmente, en rico convívio cos demais axentes de produción e consumo culturais, facendo que o texto e a palabra galega se confronte, actúe e fusione coa realidade social.

Debemos traballar man con man, pois, con ese sector da sociedade galega identificado coa súa cultura nacional, pero para proxectar todo o traballo sobre o conxunto da mesma, para conseguirmos unha relevancia e influencia maior.



Temos que funcionar de xeito imaxinativo e dinámico, utilizar os resortes políticos, culturais e económicos para posibilitar unha alternativa desde o terreo cultural, que se debería materializar nun grupo de comunicación galego, entre outras necesidades. Mais tamén somos un conxunto de cidadáns cunha actividade e unha misión específica, que se ten que desenvolver sempre desde a total liberdade e da individual tensión creativa de cada quen, mais que non debe excluír un esforzo para poder proxectar mellor ao conxunto da sociedade ese esforzo literario e reflexivo, sendo todos conscientes da importancia deste labor.

A literatura galega do século XXI ten retos de carácter creativo, mais sobre todo retos de carácter social, rodeada de síntomas dunha realidade problemática, con desconexión con sectores importantes de diferentes ámbitos sociais, aínda que asentada en minorías e cun aumento do seu prestixio. A singularidade desta situación, vista con óptica optimista, debe levarnos a afrontar esta realidade como un reto para o desenvolvemento da nosa cultura e da nosa lingua. As dificultades superadas nun pasado recente deben ser un estímulo para a procura de solucións imaxinativas e que conecten coas necesidades e arelas do conxunto da nación.

Por último, quixera rematar lembrando as palabras da escritora Luísa Villalta que, facéndose eco do eterno debate de para quen escribir, con lúcido equilibrio afirmaba: “Mais penso que só seremos un país literariamente acougado cando poidamos permitirnos escribir mesmo para quen non le...”, isto é escribir para unha sociedade na que recoñecermonos tan profundamente que nos poidamos permitir o luxo de ter lectores e tamén de non os ter.

Carlos López Bernárdez

*O escritor na Galiza,
presente e futuro*

MESA REDONDA



De esquerda á dereita: Camilo Franco, Henrique Rabuñal, M^a do Carme Kruckenberg e Xurxo Souto.

Presentación da Mesa redonda

Dentro das actividades do Congreso tiven a honra –e dígoo sen formalismo ningún– de presentar a mesa titulada “O escritor na Galiza, presente e futuro”. O epígrafe era certamente aberto, case metafísico. Afortunadamente os escritores participantes, Camilo Franco, María do Carme Kruckenberg e Henrique Rabuñal, encheron, e mesmo fixeron reverter, a cunca do tempo asignado con argumentos ben interesantes.

Pola miña banda, para presentar aos participantes e tentar achegarme ás ideas de “creatividade” e de “rebelión contra a realidade” que, creo, deben acompañar o título deste encontro, dirixinme cara Brasil. Mellor dito cara á imaxe que o músico e profesor José Miguel Wisnik nos transmitiu do seu país, noutro congreso, “Galego no Mundo, latim em pó”, celebrado en Compostela no ano 2000.

Contou entón Wisnik, que Brasil era un desastre político, económico, militar, social... Mais en materia de cultura era centro, non periferia.

Brasil non imita, crea. Non ten complexos provincianos. Converte inmediatamente todo o que alí chega en brasileiro e utilízao como un vimbio máis na súa ferverza de creatividade.

Brasil é, probabelmente, a única potencia planetaria quen de manter un discurso cultural de ti a ti co xigante do norte, os Estados Unidos de Norte América. Ao contrario do que acontece en Europa, en música, en literatura, no conxunto das artes, Brasil non se sente provinciano e desenvolve sen complexo ningún o seu propio proxecto cultural.

E se os Estados Unidos representan a sublimación do mundo anglosaxón, Brasil que é? Pois o grande encontro americano da África negra con Grecia e Roma, vía Portugal.

Neste senso, o da creatividade, Camilo, Henrique, María do Carme son Brasil.



Así tamén cada un de nós –independentemente dos problemas laborais, físicos ou sentimentais que nos acompañen– convertémonos no centro do mundo cada vez que exercemos o oficio de escritor. Abandonamos o rego do periférico, liberámonos da condición de espectadores que nos teñen asignada, para principiar un proceso de comunicación distinto, disperso, sorprendente, triunfador sobre o tempo e a propia morte, que chamamos literatura.

Insisto, os tres compañeiros de mesa hai tempo que decidiron ser Brasil. Camilo, quen de superar a escravitude da información diaria, para experimentar noutros mundos, mesmo ás veces virtuais. Henrique, narrador, poeta, que domina tamén a arte do ensaio na súa condición de escritor total.

Carme, que xa era moderna antes de que estivese de moda selo, vida tecida de viaxes, de múltiples ocupacións e unha grande paixón: a poesía.

“Ser escritor na Galiza...”, como dixen ao comezo, cuestión case metafísica. Afortunadamente acó (parafraseando a Xavier Seoane e Antón Patiño), hai suficientes “brasiles” para encher o infinito.

Xurxo Souto

María do Carme Kruckenberg: Lectura dun artigo de prensa onde se recollen as conclusións do I Encontro de Escritores de Lingua Galega, “Cen mil primaveras máis para Galicia”, celebrado os días 2, 3 e 4 de maio no Mosteiro de Poio. A escritora remata a súa intervención facendo notar que 25 anos despois daquel encontro, case ningunha daquelas aspiracións se teñen materializado.

Trascrición do artigo:

«Clausurado en Poio o Congreso de escritores en lingua galega»

Pide, entre outras cousas, a posta en marcha dun canal de televisión e doutro de radio en galego

POIO.- (Do noso enviado especial, Xosé Antonio Perozo).

O último día do Congreso de Escritores en Lingua Galega, celebrado no Mosteiro de Poio (Pontevedra) tivo como protagonista ao teatro nas ponencias que se desenvolveron na mañá do luns, coa intervención do autor e director teatral Roberto Vidal Bolaño e a presentación do tema «A literatura galega ante o desencanto» por Constantino Rábade que motivaron un dos coloquios máis proveitosos das tres xornadas de traballo.

Para a serán quedou a toma das resolucións e a clausura do Congreso. A diferenza dos dous días anteriores, nos que a afluencia de congressistas foi maioritaria, na tarde do luns –día laboral– a asistencia quedou reducida á terceira parte deles, o cal se pensaba que podía ter repercutido negativamente nas decisións finais que a todos os escritores incumbían. A pesares deste feito ou, se cadra, precisamente por elo, a mesa formada, polos membros da directiva da Asociación de Escritores, Xoan I. Taibo, Bernardino Graña e Alfonso Pexegueiro, decidiu arrogarse o dereito de decidir os puntos que debían ser contemplados nas resolucións como consecuencia da súa responsabilidade na organización do Congreso, coa aquiescencia de todos os presentes.

Reuníronse nunha aula aparte os directivos e redactaron as conclusións definitivas que quedaron resumidas nos seguintes apartados:

“ –O Primeiro Congreso de Escritores en Lingua Galega acorda rexeitar todo recorte no que atinxe á liberdade de expresión.

–Exixe aos medios de comunicación estatais o emprego da lingua galega nos

seus programas e a totalidade dos medios galegos a non reduciren a «ghettos» a sección de cultura ou literatura galegas.

–Reivindica o acceso dos escritores galegos aos medios de comunicación.

–Exixe a posta en marcha do terceiro canal de «TVE» e do carto canal de «RNE» en Galicia, exclusivamente en galego.

–Exixe a creación dunha Facultade de Ciencias da Información na Universidade Galega ao servizo da lingua e cultura da nosa comunidade nacional.

–Exixe a concesión inmediata das emisoras de frecuencia modulada aos que se comprometeron a emitir exclusivamente en galego.

–Reivindica o dereito dos escritores en lingua galega a non seren traducidos ao castelán nas entrevistas que se lles fagan nos medios de comunicación galegos.

–Toma a resolución común de non publicar na prensa traballos que non reciban unha remuneración axeitada e digna.

–Acorda crear unha Sociedade de Autores en Galicia para devengar os dereitos de autor.

–Reivindica a presenza de autores de teatro galegos en TV.

–Exixe a realidade dunha escola galega e en galego a todos os niveis.

–Pide a corrección de erros e enfoques trabucados, que se dan arreo, sobre a literatura galega no ensino.

–Exixe a derogación do decreto de bilingüismo.

–Pide o emprego do galego na Administración.

–Fai a proposta da creación dunha xuntanza entre lingüistas cunha base de acordo de nove puntos redactada por V. Vaqueiro, e M. Murado para a normativización do galego.

–Propón a centralización da relación económica entre autor-editor a través da xestión da asociación de escritores.

–Acorda a creación dun departamento de comunicación dentro da «AEG» e a publicación dunha revista bimensual como vehículo de expresión dos escritores”»



Queridos e queridas colegas:

É para min unha honra compartir con todos vós o vinte e cinco aniversario dunha das institucións galegas máis emblemáticas das nadas despois da morte de Franco. Quero tamén ter unha lembranza emocionada para aqueles que non están fisicamente connosco pero que levamos con orgullo no corazón: Avilés de Taramancos, Uxío Novoneira, Xela Arias, Roberto Vidal Bolaño, Luísa Villalta e Manuel María. Improviso algunhas ideas e reflexións en torno á función do escritor galego na hora actual.

- a) En primeiro lugar edificar a beleza e retellar cada palabra deste noso idioma milenario. Iso, escribir o fermoso, o belo, o insólito, o inédito, o que nos conmove, o que nos gratifica, o que nos permite seguir chamándonos criadores e poetas.
- b) En segundo lugar sermos cronistas e descifradores do que lle acontece ao noso país mutante e agredido. Contar e cantar o país, apreixalo nun verso, iluminalo nun conto ou con máis amplitude nun romance, explicalo nun ensaio, confrontalo nunha peza de teatro, animalo nun artigo de xornal.
- c) En terceiro lugar sermos acérrimos defensores da lingua galega. Porque é a nosa ferramenta de traballo, porque nos recorda en cada voz e na súa sintaxe que somos este anaco de humanidade, porque padece profundas e reiteradas agresións e porque a nosa Asociación é a dos/das que escribimos na lingua propia de Galiza.
- d) En último lugar, escribir para vivir, vivir escribindo, que é tan difícil, porque as novas formas de vida en parte queren afogar a nosa voz, eludir o noso grito, minimizar o noso traballo.

Non fagamos caso, amigas e amigos. Levo máis de 20 anos como socio da AELG, e teño a perspectiva necesaria como para dar-me conta de que o labor de todas e todos nós neste cuarto de século foi determinante para a saúde da nosa literatura e do noso idioma. Recoñézase máis ou



menos, ben ou mal. Somos. Existimos. Celebrámolo amorosamente nestas terras tan do Padre Sarmiento, de Pintos e de Losada, de Cabanillas e Amado Carballo, de Bóveda e Castelao, tan nosas en resumo. Ogallá dentro de vinte e cinco anos a nosa voz resoe poderosa nesta ría –xa descontaminada–, a capital hoxe da palabra galega fermosa. Moitas grazas.

Henrique Rabuñal

*Nó, Escrita e Contemporánea:
testemuños da historia da AELG*

(Revistas e suplementos literarios na Galiza)

MESA REDONDA



De esquerda á dereita: Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Margarita Ledo Andi3n, Ant3n Lopo, M^a do Pilar Garc3a Negro e Francisco X. Fern3ndez Naval.

Os monográficos literarios d'A *Nosa Terra*: exemplar construción da historia da Literatura galega

Após a publicación (o primeiro volume, en 1963) da magna *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, de don Ricardo Carballo Calero, que sentou bases epistemolóxicas e científicas fundamentais para o estudo e a análise desta peza vital da nosa cultura colectiva, botábase en falta grandemente unha continuación desta imprescindible obra, que estudase e/ou ampliase o tratamento de autores dos nosos días e actualizase, con novas investigacións e pescudas, o coñecemento de clásicos das nosas letras. Con efecto, Blanco Amor ou Cunqueiro foran dos derradeiros escritores estudados por Carballo, que fixara nos novecentistas (ou xeración do Seminario de Estudos Galegos) o remate da súa obra.

Cesáreo Sánchez Iglesias, durante moitos anos Presidente do Consello de Administración do semanario *A Nosa Terra*, foi a *alma mater* do proxecto e da obra a que queremos render tributo de admiración e contribuír a colocala entre as mellores aportacións contemporáneas ao coñecemento e á divulgación da nosa literatura e da nosa historia. No ano 1984 aparecería o primeiro destes monográficos, dedicado a Rosalía de Castro, nunha data, como se ve, próxima á celebración do centenario do seu falecemento, en 1885. Sucesivas entregas foron dedicadas a autores ou personalidades fundamentais da nosa literatura, arte, historia: Curros, Pondal, Murguía, Castelao e Bóveda, Risco, Otero Pedraio, Blanco Amor, Fole, Luís Seoane, Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Avilés de Taramancos, o volume dedicado á historia medieval da Galiza, titulado “Polo Reino de Galiza”...

Varias circunstancias se aliaron para faceren destes volumes unha obra de grande calidade e rendibilidade. En primeiro lugar, o seu rigor científico, amigo e non hostil da necesaria clareza e vocación divulgadora, aptos non só para a minoría previamente coñecedora de nomes e obras senón tamén para todo o público con “fame” de ilustración sobre a historia da Galiza en pezas fundamentais da superestrutura como as indicadas. En segundo lugar, e de forma ben significativa, a pluralidade de voces con que se contou, nun concilio de perspectivas, xeracións e modalidades interpretativas. De don Ricardo Carvalho Calero ou don Jenaro Marinhas del Valle a xovens profesores e investigadores

como Manuel Rei Romeu, Millán Otero, Carme Fernández Pérez-Sanjulián..., pasando polas xeracións intermedias, con nomes tan acreditados (je tan pouco incluídos na *sabedoría* académico-universitaria!) como Francisco Rodríguez, autor de colaboracións decisivas sobre Rosalía de Castro, Curros ou Blanco Amor. En terceiro lugar, e como mérito non menor, estes monográficos puxeron ao noso dispor un valiosísimo material documental (con importante publicación de inéditos) e fotográfico até aquela nen coñecido nen moito menos accesíbel á consulta e información do público en xeral. O labor de Xan Carballa e de Enrique Acuña, nesta tarefa, rendeu froitos ben visíbeis e agradecidos. En cuarto lugar, a renovación que permitiron na necesaria desvendaxe de rotinas, preconceitos e tópicos mal fiados e pior documentados que tanto empeceron o coñecemento e o disfrute da literatura galega. Ela, a literatura, pasou a brillar na súa necesaria historificación e contextualización, libre das pexas miméticas doutras literaturas, independente e senlleira, como real parte construtora da nosa historia colectiva, como grande metonimia institucional que foi, en tempos cruciais en que caisquer outras institucións operaban á contra do autoconhecimento, da anagnórise necesaria. Sendo o de ignorármonos o principal dereito que se nos concedeu aos galegos durante séculos, calcúlese a importancia maiúscula que tivo, e ten, a oportunidade leitora de achegármonos, cal descuberta maravillosa, ao ser de noso expresado en arte, en letra literaria, en defensa da lingua, en construción da nosa historia. Afinal, *last but not least*, un outro mérito acompañou a publicación destes monográficos: o seu módico prezo, desde logo moito máis asequíbel que os *populares* prezos de eventos deportivos ou doutros bens de consumo tan publicitados canto alienantes.

Non entra nas nosas intencións nostalxiarmos o pasado ou recriármonos nel. Si tencionamos colocar no seu xusto lugar unha importante iniciativa cultural, imitada, mal ou ben, por outras, moito máis arroupadas económica e institucionalmente, con posterioridade. Ao igual que a publicación, en 1979, a cargo do Frente Cultural da Asamblea Nacional-Popular Galega, do primeiro manual de Historia de Galiza (sendo os seus autores Francisco Carballo, Xosé Ramón Barreiro, Felipe Senén e Anselmo López Carreira) cobriu un oco enorme na xeral



necesidade de información ao respeito e significou, pioneiramente, o inicio dun labor editorial de novos manuais, a obra que estamos a comentar supuxo, para alén dos méritos apuntados, a construción dun novo *locus* para a literatura galega, superábel nos seus resultados, mellorábel como todo produto humano, mais nunca eludíbel.

María Pilar García Negro

Este breve resumo é só a síntese apertada da exposición, máis ampla e pormenorizada, que tivo lugar, como esta publicación recolle, na celebración do 25 aniversario da Asociación de Escritores en Lingua Galega, no mesmo lugar, Poio, onde nacera, en 1980.

Intervención de X.M. Álvarez Cáccamo

Desde finais dos setenta e ao longo dos oitenta, con algunha fulguración illada nos noventa, foron aparecendo unha serie de revistas culturais e de creación e crítica literaria que actuaron como órganos expresivos dunha xeración e evidenciaron as liñas mestras do cambio producido nesas décadas. Foron os escritores da Xeración dos 80 –poetas, narradores, críticos– os responsábeis da marcha das devanditas publicacións, integrantes das súas equipas de redacción, colaboradores habituais, ideadores dos seus proxectos. As páxinas das revistas culturais e literarias dos 80 acolleron tamén as voces dos autores de grupos xeracionais anteriores, nun diálogo interxeracional necesario e nunca interrompido desde aquela. Nalgúns casos –como o emblemático de *Nordés*, dirixida por Luz Pozo Garza– foron os maiores os que nos abriron as portas aos máis novos para que ocupásemos coa nosa escrita os espazos da comunicación creativa.

Unha ollada panorámica sobre as revistas nadas durante a transición postfranquista permite constatar a presenza de determinadas marcas de visión e estilo que retratan a óptica colectiva dos seus consellos editoriais e do amplo conxunto dos seus colaboradores, tanto desde o ámbito da escrita como desde o da ilustración e o deseño. Unha clara vontade de interlocución con outras literaturas do estado e do mundo (a portuguesa como motivo central das nosas emocións nun tempo de especial querencia pola reintegración do universo lusista), o interese polo coloquio interdisciplinar (a soñada síntese das perspectivas humanística e científica) ou a moi consciente procura de efectos anovadores no labor de enmaquetación (con espectaculares logros no caso de *Escrita*) constitúen algunhas das peculiaridades distintivas destas publicacións periódicas. A fotografía, a pintura e o cómic sobardan a función adxectiva, o seu papel como ilustración acompañante, para erixirse en motivo central, en obxecto autónomo de lectura, en significado suficiente a carón do poema e o texto analítico e reflexivo. Os artistas visuais dos 80, fundamentalmente os do grupo Atlántica, habitan o papel da revista co mesmo vigor autorial que o que exercen os escritores. Lamazares, Menchu Lamas, Mantecón ou Vilariño en conversa de mutua complementariedade con Xavier Seoane, Forcadela, Margarita Ledo ou Antón Baamonde.

Moitas das procuras e logros das revistas culturais daquel tempo foron anun-

ciadas en *Bonaval*, que naceu na Compostela de 1979 e morreu na bátega dun único número, efémero estouro precioso. Foi a súa unha figura de aspecto distendido, non profesoral, manexábel, dinámica, dirixida por Xoán Manuel Carreira e conducida por escritores mozos que en poucos anos se converterían en referentes da nova xeración: Manuel Castelao, Luis Rei Núñez, Xesús M. Valcárcel, Ramiro Fonte, Xulio Valcárcel, Ánxel Rey Ballesteros e Lois Rodríguez Andrade. *Luzes de Galiza*, a publicación finisecular de máis longa andaina –entre 1985 e arredores de 2000– foi guiada desde A Coruña por Xavier Seoane, Manolo Rivas e Lino Braxe. Era unha revista heterodoxa, de moi atractiva presenza, abeirada ao cosmopolitimo disidente, incitada por un pulo de comunicación de cerna xornalística e seducida polas linguaxes vivas da cultura urbana. *Escrita* (1983-1985) magnífico invento de Margarita Ledo, laboriosa e exitosamente tecida por Alfonso Pexegueiro en labores de coordinación, recolleu en seis entregas o pensamento producido no habitat da Asociación de Escritores, da que era órgano expresivo, ao mesmo tempo que trouxo aos espazos da nosa recepción importantes voces internacionais. A súa espléndida estatura tabloide permitía un impactante efecto significativo e comunicativo dos signos da fotografía, a pintura e o cómic. *Nó*, que resistiu unha andaina de dous números (1986 e 1987), continuou, nas miñas mans como coordinador e nas da equipa constituída por María Xosé Queizán, Miguel Anxo Fernán Vello, Pilar García Negro e Román Raña, o espírito interdisciplinar e de pensamento crítico de *Escrita*, desde máis contidos presupostos de deseño, en elegante formato enmaquetado por Francisco Mantecón. Herdeira de *Nó* como voceiro da AELG foi, anos máis tarde, en 1995, *Contemporánea*, de cuxa efémera sorte tamén me ocupei, dirixindo un consello editorial conformado por Luisa Villalta, Miguel Anxo Fernán Vello, Rafa Villar e Carlos Bernárdez. Comezaba a evidenciarse a dinámica dunha nova dialéctica interxeracional, a da conversa entre escritores dos 80 e dos 90, que quixemos, ademais, render homenaxe aos nosos maiores, os poetas dos 50, coa escolma da súa obra en cuádruple presentación idiomática, galego, francés, castelán e inglés. *Contemporánea* optou pola creación nesa primeira e única entrega, pero no seu proxecto equilibrábanse para o futuro as páxinas creativas coas analíticas e de reflexión, liña de síntese que promete a anunciada e moi esperada nova revista da AELG, *Escrita Contemporánea*, feliz título, paradigma de fidelidade histórica e atención ao presente.

Se saúdo en homenaxe de agradecemento a *Bonaval* como potente limiar fugaz das nosas revistas culturais, debo tamén ao número especial de *Coordenadas. Poesía galega actual* (1980), dirixido por Xulio Valcárcel, un forte aplauso polo seu labor de apertura e primeira presentación pública da Poética colectiva dos 80, que se mostrou en abondosa exhibición e na compañía de todas as voces consagradas. *Dorna*, dirixida por Luis González Tosar, coa colaboración dun variá-

bel consello editorial no que figuraron, entre outros, Henrique Monteagudo, Ramiro Fonte, Xosé Antonio López Dobao e Xesús Otero Molanes, foi logo, desde 1981, a plataforma máis activa da nosa escrita poética, o lugar de encontro dos mozos e mozas poetas daquela hora, acollidos en entusiasta recepción por Xosé Luis Méndez Ferrín no "Saúdo" asinado nos días do mítico congreso de Poio (maio de 1981), o primeiro encontro da AELG.



Luz Pozo acolleunos tamén en *Nordés*, aquela inesquecibel alfaia bibliográfica, durante quince anos, entre 1980 e 1995. No número 15-16, da primavera de 1991, seis poetas dos 80 fomos reunidos en escolma que ilustrou cos retratos dos autores seleccionados a multifacética directora da revista, poeta de referencia decisiva para nós. *Clave Orión*, nova e fermosa criatura de Luz Pozo, persiste na oferta da súa hospitalidade.

Falecidas, case sempre por causas naturais, as revistas de cultura e creación que naceran da nosa vontade xeracional, non houbo relevo en novas publicacións periódicas propias deses ámbitos. Sorprende comprobar como se multiplican as revistas especializadas en magnífica diversificación normalizadora, como se consolidan as destinadas á reflexión intelectual (*Festa da Palabra*, *Grial*, *A trabe de ouro*) ou as de difusión informativa de amplo panorama (*Tempos Novos*) mentres segue sen ocu-

parse o espazo baleiro das publicacións colectivas de cultura, de formato xornalístico e áxil proposta comunicativa, ou as que deberían recoller o texto da hora poética de hoxe. Confiamos en que *Escrita Contemporánea* veña axiña a habitar o espazo dese desacougante silencio.

Xosé María Álvarez Cáccamo

“Sempre se volve á revista”

(Roland Barthes)

Era a sorte de lema coa que pensamos o proxecto dunha publicación de grupo, un proxecto que se presentou no Primeiro Congreso. María do Carmo Krukenberg vén de nos lembrar aquel manifesto. E á par que se reclamaban medios públicos ou se puntualizaba encol das relacións lingua-comunicación, o colectivo de escritores (aínda non usabamos o feminino) construía un espazo de seu na revista *Escrita*.

O nome veume do que fundara Lenin, e da súa batalla a prol dun periódico para toda Rúsia: *Iskra*. O modelo do exilio no México: *Vieiros*. Démola a coñecer nun artigo publicado no cultural do *Faro*, co título «Acción escrita». E funcionou como un obxecto novo que representaba unha nova idea de establecer ligames entre texto e imaxe na cultura, entre todos os xéneros do xornalismo cultural –do ensaio á entrevista, da noticia á pesquisa– e todas as expresións visuais: a do cómic, a da fotografía, a da ilustración, a da gráfica e a da gralla.

Escrita non foi un resultado, non foi a conclusión dun proceso que se desenvolvera no interior da AELG, como o foron as publicacións posteriores. *Escrita* foi unha proposta, un operador, ou unha intervención singular, no seo dese colectivo que recoñecemos como AELG, e no medio da cultura en xeral. Na galega e na internacional: Eis as entregas de Brossa, ou a portada realizada por Tapies, como mostra. *Escrita* é, nese senso, un exemplo dos tempos do Primeiro Congreso, tempos arriscados, de confrontación, de escolla, de asunción da axitación e da independencia como bandeira.

Deseguida a revista destacou polo seu grande formato e polo deseño –que tirabamos da de Andy Warhol, *Interview*– e nas súas páxinas devalou o que aínda non tiña existencia (os primeiros poemas de Chus Pato e un seu retrato de poeta deitada nun prado), ou o que tiña que se relanzar: O home que falaba vegliota, de Raimundo Patiño. Nos seis números da revista houbo unha portada, para min especialmente querida, que se lle adicou a Xohan Casal. E coa súa saída á rúa unha campaña: o nóbel para Fole. Pensade, só, que diferente tería sido a nosa historia literaria se, en troques de Cela, os relatos do autor de «Terra Brava» desen chegado aló.

Debullo na memoria ese tempo no que, para alén de *Escrita*, María Xosé Queizán artellaba *Festa da Palabra Silenciada*, a revista galega de mulleres que tamén sae no 1983, que segue a se publicar regularmente –un número por ano–, agora como revista feminista e onde me ocupei persoalmente do deseño. Tal unha instantánea lembro algunha das comunicacións que arestora cumpriría re-interpretar (por exemplo a de Ferrín vis a vis de Manuel María); pásanme diante os ollos certas imprecacións, cheas de adxectivos, e os seus protagonistas, os Rom-




pennte, e non podo evitar situalos a día de hoxe en parámetros ben diferentes aos que eles propios se outorgaban entón; e non deixo pasar algúns outros nomes da asistencia nin o que fixeron dende aquela para non contribuír a ese exercicio tan galego da autodestrución.

Boa sorte a *Escrita contemporánea* na súa nova andaina. Longa vida á revista.

Margarita Ledo Andión

*Roteiro pola cidade de
Pontevedra*



Roteiro por Pontevedra con Xosé Vázquez Pintor e Luís Bará.

Na mañá do domingo daba comezo a viaxata dos asistentes polo casco histórico da cidade de Pontevedra. Luis Bará, concelleiro de cultura, e Xosé Vázquez Pintor foron os encargados de nos conducir polos espazos antigos da capital do Lérez. A saída fíxose desde a Praza da Peregrina, onde o escritor ilustra o percorrido cunha fotografía da Rúa do Progreso do ano de 1905: carro de bois como memoria de Boapedre, a cidade ficionada no seu libro *A memoria do boi*. Palabras da historia recollidas por Luis Bará informan deste centro da urbe restaurada. Pintor escolma os textos de referencia aos respectivos espazos, co seu nomenclator de vello, arestora presentes nos subtítulos das rúas actuais. Nomes de arrecendo medieval, que o escritor contextualiza nos parágrafos da súa novela (que fora premio Torrente Ballester 2000 e premio da Crítica española 2001). Os sucesivos espazos da andaina cara ao encontro máxico do Río, na ponte do Verrón, na Prancha e na Pranchuela, van aparecendo aos nosos ollos como iluminación dun tempo consentido polas xentes do mar e terra que habitaban esta vila grande, lugar de paso e de encontros, encrucillada e parladoiro, figuración encantada nas ruelas dos Mendiños, A Ramallosa, Zapatería, As cinco Rúas, Rúa do Rego, A Ponte, Violaña, A Serra, Enfesta, Formigueira, Peso da Fariña, As ovellas, Pichelería, Peixe frito... Nas prazas da arquitectura popular máis fermosa de Galicia: A Leña, A Verdura, A Herba, A Ferreiría, O Teucro, Hospital, Correo Vello... No Eirado das Torres e no Campiño de Santa María o escritor aviva a ensoñación polos espazos de outrora e Luís informa do que foran as Torres Arzobispais. Diante da fachada plateresca de Santa María a Maior, Pintor propón a descuberta da denuncia feita na labra dos canteiros daquel tempo: as imaxes pederastas, infelizmente actuais, nas bases das columnas. Fantasía e creación versus realidade nun convivio de moita forza expresiva. E alá ao fondo, varrida xa para o noso disfrute, A Moureira do Mar; só o Campo do Boi, Benito Soto, Nodales, Xan Guillerme, Amargura... Pola Corbaceiras escoitamos case a pelexa do río co mar en abalo, e ollamos a embocadura do río dos Gafos, onde o escritor sitúa as antigas lavandeiras de oficio. De regreso ao autobús, que nos conducirá á Caeira, aínda hai tempo para sabermos da antiga muralla, lindeira coa arquitectura das ruínas de San Domingos, e a Porta das Trabancas, iluminada cos textos da ruta xacobeá. E o autobús revira e vai, pasado o río, ao encontro da Caeira, Bóveda alí sempre de noso.

Xosé Vázquez Pintor

*Acto de homenaxe
aos escritores asasinados
na Caeira*



Aquí, na Caeira, onde morte aleive matou a Alexandre Bóveda, a Asociación de Escritores en Lingua Galega toma a palabra na nosa voz para lle render homenaxe a el e, nel, a todos os que loitaron por Galiza e xa non están connosco.

Sabemos, Lorenzo Varela dixo, que

Aramos sobre mortos nesta terra
i o noso pan ten un sabor de ósos
familiares, irmáns.

Familiar, irmán, Alexandre Bóveda. Dicur isto non é hipérbole, senón xustiza, aquí, tripando a terra que o seu sangue mollou. Porque é para nós unha obriga e unha responsabilidade o compromiso que el adoptara. Un compromiso que lle resultou irreversible desde que o selou co martirio. E sabemos ben o que queremos dicir: “mártir”, “persoa que morre en defensa dun ideal”, neste caso, a patria galega. Por iso, o seu cuñado Xerardo Álvarez Gallego titula a biografía del co significativo título de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*.

Rematou o século en que Bóveda morreu, estamos noutro, mesmo que sexa no inicio, e imponse a pregunta: É Bóveda recordo agarimoso, obxecto de homenaxe póstuma ou saudosa ou, polo contrario, aínda deita leccións verdadeiras a súa vida e tamén a súa morte prematura?

Porque hai mortos que falan, nós, escritoras e escritores galegos, queremos recordar e reivindicar un Alexandre Bóveda que segue mantendo intacto e vixente o seu exemplo para todos nós e, aínda a risco de descender do ditirambo e empregar palabras prosaicas, nós hoxe queremos reclamar a Alexandre Bóveda como o artífice dun concepto e dunha palabra clave para os galegos: autoorganización.

Por riba de liderados persoais e personalistas, por riba de divismos de calquera caste, Alexandre sabía que o poder verdadeiro do pobo reside no colectivo, na acción combinada, no esforzo de todos en beneficio mutuo.

Por que é isto especialmente importante para nós, galegos e galegas, para nós, escritores e escritoras deste país? Non, certamente, por un déficit racial, senón por unha acumulación de circunstancias históricas adversas que gravaron na nosa pel a negatividade a respecto de nós mesmos, o menoscabo constante da nosa autoestima colectiva, a rebaixa cotiá do noso valor na historia.

Bóveda, como Castelao, foi, antes de máis nada, un espírito desacomplexado, pronto a activar o motor da representación galega sen restricións, sen censuras

de ningún tipo, e está claro que nos seus trinta e tres anos de vida puxo en acto toda a potencia que el sabía e sentía que posuía Galiza.

Amigas e amigos, queridos colegas, autoridades presentes, non estamos a falar dun orfo nin dun náufrago porque, afortunadamente, contamos hoxe cunha representación popular, patriótica e institucional –como ben acreditan, aquí ao lado, os Concellos de Poio e Pontevedra–, que mesmamente se senten herdeiros do pensamento e da praxe de Bóveda. É coñecida a súa personalidade e a súa práctica constante a prol do conxunto. Alexandre Bóveda non é orfo nin náufrago porque aboia en nós e porque habita a casa patrucial onde Rosalía segue a chamarnos polo nome.

Alexandre Bóveda non nos perdoaría que hoxe e neste lugar non citásemos os compañeiros de viaxe no sentido máis amplo da palabra:

Castelao, o irmán maior. Víctor Casas, director que era d’A Nosa Terra. Ánxel Casal, meritísimo editor e alcalde da capital de Galiza. Camilo Díaz, o pintor do compromiso co país. Antón Vilar Ponte, magnífico adaíl do pensamento e da literatura galega autónoma. Ramón Vilar Ponte, precursor da doutrina nacionalista e, en fin, todos aqueles que fundaron e arrouparon a primeira Asociación de Escritores Galegos, constituída nos esperanzados anos trinta da historia de Galiza.

Mais, o cuarto de século desta nosa Asociación, herdeira daquela que o fascismo fixo imposíbel, tamén está marcado pola dor da perda de moitos escritores e escritoras que foron os seus socios.

Só é posíbel dicir os seus nomes aquí, apenas sementalos no ar como pétalas de rosa na atmosfera de Alexandre, no alento colectivo que nos move. Ou talvez soñalos vivos como outrora, alí onde o tempo e a morte se deteñen, na illa expansiva da literatura.

Alí anda Xosé María Álvarez Blázquez a asombrar aos trobadores co seu Cancioneiro de Monfero. Alí Ánxel Fole procura voces do pobo no aquén e sotomundos tras as néboas do alén. E Don Ricardo Carballo Calero, mestre de mestres, anda a impartir leccións de amor e coñecemento á lingua e á literatura de noso.

Don Xenaro Mariñas del Valle e Roberto Vidal Bolaño dialogan coas súas personaxes, mentres o maxistrado Daniel García Ramos reclama espazos públicos para o galego. Navega Antón Avilés de Taramancos a bordo da camelia do mar, como nos conta Xosé María Álvarez Cáccamo, e traza un ronsel de beleza na tona da auga, un camiño cara a Ítaca posíbel. Escóitase o eco negro do lobo na voz de Novoneira e a súa palabra devén loaira sobre as cousas. Anda Manuel María a medir a Terra Chá coas súas particulares mensuras, “ferrados de corazón, fane-

gas de alma”, e Galiza sabe que é dela de quen fala. Antón Tovar berra non, sorrí e xa non é un home triste. Xela Arias intempérase, fermosa e rebelde, “a marcar territorios de belísimos arquipélagos”. E Luísa Villalta tanxe un violino e reflexiona para nós: “Galiza é un libro que non acaba nunca (...), Galiza é un palimpsesto”.

Aí estamos todos e todas, escritoras e escritores galegos, no oficio máis solitario do mundo, fronte á páxina en branco. Mais tamén, paradoxalmente, no oficio máis colectivo porque, ao riscar no pergamiño, aparecen as palabras dos outros, o palimpsesto. Tal como arar sobre mortos nesta terra. Non sobre cadáveres, sobre semente, que dixera Castelao. Non cadáveres, palabra viva que hoxe proclamamos.

Marica Campo



Lectura de textos poéticos dos autores e autoras homenaxeados na voz de Marica Campo e Marta Dacosta.



Actuación de Miro Casabella.


Recital poético



Yolanda Castaño, presentadora do recital poético.

Rosa Aneiros

O desta fantástica rapaza-muller sempre rebordante de xenerosidade, espírito conciliador e entrega, a cargo dunha das vocalías da directiva da AELG durante dous anos, si que foi toda unha “Resistencia”. O xornalismo, a mariña ferrolá, os obradoiros literarios, o Consello da Cultura Galega. Hai moi pouco levamos a alegría do Losada Diéguez para “Veu visitarme o mar”. Abre esta deliciosa lectura: Rosa Aneiros.



A referencia literaria é: Dous fragmentos do texto “Diremos” dedicado a Luísa Villalta e publicado no libro *As pegadas do camiño*, editado por Acción contra El Hambre.

FILLA.- Sen embargo, ás veces cantan.
Teño visto como deixan pegadas de pasos firmes,
mensaxes para siluetas de seres queridos
que virán detras preguntando

3.

Ando paseniño, como se efectivamente me pesasen as pernas. Podería mentir e dicir que estou afeitada. Que este camiño forma parte da miña xeografía biográfica. Que me gusta andar baixo o sol doente das primeiras horas. Que me gusta esta falta de aire. Esta calor. Que me gusta andar durante catro horas cada día xunto coas outras mulleres da aldea. Podería dicilo. Podería mentir. Non obstante, esta calor insoportable, estas feridas nos pés, estas pedras incómodas, esta falta de aire, esta carga que me dana o lombo. Non obstante, a auga carrexada en grandes recipientes de barro para beber, para comer, para nos lavar. Non obstante, a penuria destas catro horas diarias baixo a lousa implacable do deserto. Non obstante, esta sede.

FILLA.- Aquí lavan os pés para seguir andando.

NAI.- Aquí
E queredrían non te-los suxado
xa que ninguén pode atesourar a distancia

4.

Camiño sen pés que me espeten nesta terra mol. Arrastro a miña perna de sangue a través dos carreiros de xabre do deserto. Non hai peso físico que me eive e, non obstante, esta carga ás costas. Esta dor na conciencia de quen non pode

dar máis de si e se desliza como unha serpe polas dunas. Non vin aquela mina antipersoas. Non puiden vela. Abrasada. Se non fose por este burka. Se non fose por esta perna que me doe aínda que xa non exista. Se non fose por deixar de ser unha maldita tolleita. O ruído dos motores retobata o ceo e corro atarecida pola febre. Hai outros soldadiños de chumbo que corren canda min. Entón os paracaídas caen como folepas multicolores dende o máis profundo azul. E corro e corro para alcanzar unha desas doazóns da solidariedade internacional que me permitan volver ser útil. Unha perna ortopédica de plástico que substitúa a dor provocada por unha mina. E volver carrexar auga e fillos. Non obstante, esta eiva.

Rosa Aneiros

Lino Braxe

Romántico, mítico, lúcido etílico, bohemio deluxe, soñador comprometido, exitoso perdedor, tenro provocador, incansable, amigo, espléndido, xenial, dandi de Mugardos, mouro da Coruña, polifacético, irónico, camaleónico e, sobre todo, moi querido polos seus moitos amigos. Coma nós. Lino Braxe.



Naufrexio nas Sisargas

O barco virou.
Os náufragos se aprestan a un incendio de bandeiras,
retozan entre sombras e trebóns,
se reconfortan para a eternidade
de tanta viaxe, lume e sol.

Retumban no ceo os berros dos náufragos
como memorias de batallas perdidas
nalgún lugar oculto baixo as illas
dunha xeografía santa
que se descolora no sótano das penitencias.

Os náufragos enterran á súa nai
e evocan nese instante
unha soedade que corroe o abismo da planura,
e parece que se desdebuxa a razón
e veñen as paredes da casa da infancia
a alimentar as augas do temor.

Un globo cruza o ceo
como un Martes de Carnaval
e arroxa desde o seu cesto
peciñas de xadrez que os náufragos recoñecen.
As figuras teñen o rostro doutros mariñeiros mortos.

É domingo de resurrección.
A morte non esquece.
Os náufragos dispóñense para o final
e procuran un bosque de luz
e tamén un pálido resplandor
de esgotamento mariño
que traía nas súas últimas horas
as olladas das mulleres que os amaron.

É domingo de resurrección.
A morte non esquece.
Non hai perdón que chegue de alén-mar
para os nosos amigos.
Os náufragos dispóñense para o final
e procuran un bosque de luz.

Lino Braxe

María Lado

É quen de levarnos da man dende Cee até un Berlín poético, e farao cos brazos abertos e o sorriso máis sincero do mundo, coma unha nena, ou unha nena maior, ou unha nena con nome de vella. Abrirá as súas páxinas e pintará nubes de risos no noso tempo, amoras, tranquilidade leda, corazón e entusiasmo. E nós, daremos grazas por tela ao noso...: Lado, María.



este será o teu libro para que ti nunca o saibas.
eu inventarei por iso a cidade,
os lugares ocultos, os sitios secretos.
crearei o aroma das camelias,
as cancións dos músicos ambulantes,
a herba fresca baixo os teus pés...
eu crearei este lugar para un amor que nunca morra,
meu pequeno de ollos máxicos,
e a ti tamén.
só se amarras un globo vermello á miña man,
e xuras que será o can que camiñe ao noso lado,
que será chespir, coas súas patiñas de goma levitando sobre o chan,
se o fas, se mo xuras,
entón creareiche a ti tamén.
para que habites no meu colo para sempre
meu pequeno berlín.
ese será o teu nome, porque terás un ollo de cada cor
coma a cidade.
e este será o teu libro,
para que ti nunca o saibas.

María Lado

inventei bonaval e a nosa cama
estaba chea de flores,
así
claro que non tiña medo dos nichos
e agradecía que anoitecese entre os teus brazos
e as estrelas co seu canto de grilos
quería dicirche:
delicioso
é como se escribe
o teu nome baixo as árbores

María Lado

pobre pequeno insomne,
que sabe de memoria os contos de legumes e princesas
e os nomes das ovellas todas
e por iso le poemas de amor, para que o arrolen

non ves que non podemos saír?
non oes a praia baixo a nosa casa?

que por deitar eu a cabeza no teu peito
o mar andou detrás da lúa para atoparnos
e así, chegou ata as lousas da quintana
onde agarda todas as noites para separarnos
e levarme dentro
ao sitio do que eu veño.

pálidas, as horas de berenguela acompañan a marea
que só descansa co sol do mediodía.

así foi o océano na cidade
—contéiche. ata que quedaches durmido.
e batía forte na fonte dos cabalos.

María Lado

tanto desexa a cidade
amar a lúa chea
que para ela
garda do verán as paisaxes serenas,
as palabras de brisa que ondean nos vestidos de fío,

e estira as puntas das antenas e o faro da torre do reloxo

e é por iso, que dende alá abaixo,
manda fogos de artificio contra as estrelas

envexosa.

porque sabe
que mil veces mil
o teu nome
borda a noite de bicos dourados.
e no lugar onde a lúa máis engorda,
tan grande
que case tocas a barriga coas xemas,

detense o firmamento.
só para os amantes.

e mil veces mil,
sobre almáciga dos días de magnolia,

o teu nome

e entre os teus brazos;
aquí no ceo
coma en berlín.

María Lado


e agora, meu berlín de mel,
que xogamos ata o último verso
sabes a verdade da nosa historia imaxinada;
que nos coñecemos por acaso
o catorce de abril do ano
da morte do poeta ruso.
durante a miña única visita a cidade.
que foron tempos moi felices.
e que o noso amor medrou grande
en cada compostela que me amosabas.
pero que a estación rematou os seus días
e os amantes tiveron que separarse.
e comecei a escribir en secreto
as palabras que eu inventei para amar,
e inventei que enviabas cartas de améndoa,
nas que relatabas con paixón
as cousas máis pequenas.
e en cada verso,
que mantivemos unha estreita, febril correspondencia.
tamén que por aquela altura, a tristeza
xa estaba instalada no vello continente
e en poucos meses
o lugar do que eu veño,
cercado.
e inventei que moitas das cartas non chegaron a saír nunca da illa.
ou se perderon nas barrigas dos avións derribados sobre o mar
ou arderon nas caixas de correos.
porque
cando pasou o das cartas
tiven que inventar que me amabas
para que sempre fose abril
no final do libro de maría.

e ti, que o leas.

María Lado

Pilar Pallarés

Unha das voces de maior fondura, sensibilidade e capacidade poética do noso país deita para nós libros espaciados entre si e inesquecibles coma flores raras; lévao facendo xusto dende o ano da fundación da nosa Asociación, e case sería xusto que tamén, como lectores, celebrásemos de paso estes XXV anos dunha poesía equilibrada, eterna, irresistible. Estou falando de Pilar Pallarés.



Novas de Marzo para Moncho Valcarce

Con que permiso explode a flor do dafne

e eu atendo ao rumor do corazón

–un peixe rápido no cofre do seu peito?

ambos sobrevivemos na incosciencia:

a miña custa máis.

Porque desfecho os ollos

e unha flor de cancro e sangue traba a entraña do mundo,

un polisón adéntra-se nos ancos máis recónditos do barco

e non sabe que de nada han valer os urros e o terror–

e outro é un farrapo de vísceras que vomita o ventre dun avión

mentres polas ruas de Basora e Bagdad camiñaban mortos en vida

e a man que alza unha pedra en Gaza e unha man morta en vida

e as caveiras debuxan nas meixelas

a súa xeometria perfecta e implacável

Tamén morde a xeadá a flor do dafne

e algunha madrugada encora o corazón

Pilar Pallarés

Gustavo Pernas

Esta lectura non podería gardar a mesma rica pluralidade se non se escoitase a voz do teatro nin a mesma altura se non contásemos con Gustavo Pernas. A súa adicación, fervor e talento son proverbiais. Escritor, actor, guionista, director, dinamizador, docente. Multiplemente premiado e inesgotablemente en activo. Devecemos xa por escoitar o que nos trae Gustavo Pernas.



Mentres falo contigo

Monólogo para unha muller nun paso de cebra

Mentres falo contigo... ola... canto tempo... como estás... a miña voz escapa desde esta rúa onde te atopo até o faiado vello, deixando os labios nun piloto automático que resposta cada frase do guión que outros escribiron antes ca nós, bonito día... hoxe non vai chover... estás cambiado... ti tamén... ha, ha, alégrome de verte, e sorriño longamente por se as palabras non alcanzan para gañar tempo, sorriño... e a miña voz abre arcas, desempoa pergamiños, antigos papeis enrugados despois de tanta ausencia, ¿canto?, ¿dez anos?... que coincidencia, sorriño pero os meus ollos espían detrás dos sulcos, desmaquillando os anos que transformaron o teu rostro nesta extraña orografía...

Mentres falo contigo albisco minúsculas patas, unha, dúas, tres, catro, oito patiñas avanzando no teu ombreiro dereito sen que ti o saibas, como tampouco sabes que aínda despois daquilo houbo noites nas que as miñas mans teceron teas de araña para atraparte, rabuñaron no aire inutilmente as lindes do teu corpo mentres ti andabas lonxe, tan lonxe coma agora entre non me digas... que sorte... pois hai moito que non os vexo... E entendo que ti tamén precisas un rodeo, lembrar os amigos comúns despois de falar do tempo, por non falar a queimarrroupa de nós mesmos, e abrir botellas que celebren este breve encontro, ha, ha, que agradable sorpresa, quen o ía dicir, abrir esa chea de botellas que día tras día guindei ó mar con mensaxes que hoxe servirían para escanciar o olvido...

Mentres falo contigo nada se detén, nin os motores nin as bucinas dos coches, nin o bulicio da rúa, nin as sirenas das ambulancias que levan a cada minuto novos náufragos ó desterro. A vida cumpre maquinalmente o seu emprego de funcionaria con horario de silencio na madrugada, cando o ruído só dicta páxinas en branco e os dedos golpean ausencias en teclados insomnes, ausencias coma as que agora estreitan o cerco do noso encontro, canto o sinto... non o sabía... ¿era tan vello?... ¿de que foi?... ¿e a túa irmá?... ha, ha, nunca cambiará... Non é certo, todo cambia, nada é igual, o disco xira entre o verde e o vermello e a araña teima en tecer a súa arañeira entre a montura dos teus lentes... antes non os usabas... quedanche ben... e o teu ombreiro, tece fogar, casa onde medrarán ovos, promesas, onde un día a larva... pero deixemos iso, todo vai ben agora mentres falo contigo e evitamos dicir a palabra....

Mentres falo contigo a miña voz le nos papeis desempoados da nosa vella casa palabras en desuso, aletargadas coma un réptil que trepa para inocular o veneno da esperanza que sinto por espertar do museo o catálogo de lembranzas que se agocha detrás do guión repetido nos breves encontros de ex-amantes urbanos en hora punta... que tarde é... non vou chegar... este semáforo... quedei con... Non sigas, non quero saber con quen quedaches nin quen teceu contigo futuros previsibles, traballo, fillos... agora non, agora vexo praias, bancos de alameda, recunchos etílicos onde aniñaron os nosos soños... os meus soños que se apuran neste instante e voan coma un globo desinchado a mercé do vento para bater no asfalto, acurrallados na illa deste paso de cebra... ¿vives cerca?, onde os nosos pés representan a parodia dunha espera.

Mentres falo contigo hai algo que non domino de todo, que comeza a sublevarse lentamente, coma un paxaro amordazado loitando por recuperar a melodía de tantas horas felices... padán, padán... ¿non te lembrás? E xesticulo amablemente coas pernas quietas soñando tangos nas cuadrículas grises das baldosas mentres a araña enfía hipotenusas no ángulo da túa chaqueta negra e medra un tic-tac que anticipa a explosión mil veces reprimida... ¡Alto!, pido un minuto de tregua a tanta leria politicamente correcta, un minuto onde cese o balbordo das nosas bocas, bla, bla, bla... Declaro un minuto de silencio neste cruce onde o destino enfrenta as nosas vidas en dúas direccións... Declaro apagados os reloxos, os pitos dos cegos, os faros dos coches e silenciados os móbiles que ameazan con poñer fin ao noso encontro nesta cidade xélida...

Mentres falo contigo son capaz de facer desaparecer a cidade enteira e a falsa orde que pon fondo ao teu rostro ditando este ritual de boas palabras e sorrisos... ha, ha, ¿que de que me río?... non, non é nada, un pequeno arrouto de felicidade que me subiu até a gorxa... pero non cho digo, aínda non debo enganar o protocolo... Exorcizar tantas sombras require máis tempo... como é posible, agora que as tuas mans apalpaban o olvido, que a túa voz remova as augas dun pasado que se levanta coma ununami enfurecido. Non, preciso unha prórroga para que non se repita... Un día a luz espíume tanto que quedei atravesada na praza coas pernas abertas de par en par, tan chea ou tan baleira coma unha puta derrotada na amañecida.

Mentres falo contigo viaxo, poño rumbo aos camiños esquecidos, intento reconstruír as paisaxes da bonanza, recompoñer a túa figura sobre aquela magoada utopía, pero non sei por que se obstina a cidade en amosar os seus suburbios, esa paisaxe de chabolas onde se amorea a fame e unha chea de nenos berra mamá, a palabra coa que aínda ninguén me chama a pesar de conxugar contigo tantas veces o futuro... Non sei por que se obstina o silencio en traerme voces descoñecidas, lonxanas, coma esa parella namorada, non somos nós, non, está acontecendo agora mesmo a miles de quilómetros e está detrás de ti, aí, de fon-

do, pero ti non o sabes, están berrando, non poden falar coma falamos nosoutros tan civilizadamente á beira das bandas brancas que pisamos nos pasos de cebra... alí non hai bandas nin bandeiras de tregua, só un muro de cemento que os separa, un muro coroado de arame de espiño no mesmo país onde Cristo predicou as palabras que aquí pisamos trece veces por minuto, as mesmas que non me atrevo a nomear despois de ensaialas un ano tras outro fronte ao espello por se un día... a... amo... am.... ¿ves?, atragóanseme na gorxa... coma se unha fenda a atravesase de parte a parte coma o machete atravesa agora esa cabeza negra que invade o fondo...

Mentres falo contigo esa teimosa araña aproveitou este intervalo eterno para cumprir o seu obxectivo... A poucos centímetros de min... quen me había dicir que te ía ter tan perto... o pequeno arácnido ergueu unha construción admirable coa súa nebulosa de fíos pero converteu o teu rostro nunha ruína... Non te preocupes, aínda garda unha certa dignidade coma unha estatua de patricio romano, inmóbil e imperturbable no medio do tráfico... no reverso desa dignidade violada, tallada en rostros negros, verquendo sangue fronte a unha tapia africana...


Mentres falo contigo soan tambores de guerra... e creo que non é posible que eu soa deteña o tráfico por máis tempo... non entendo por que se me acumulan tantas imaxes de desamor... cóanseme en cada fenda que deixaches aberta coa túa fuxida... Sen ti todas as treguas son mentira... e pesa, pesa o mundo... pero a pesar de tanta traizón, a pesar de que o semáforo dea luz verde á nosa despedida... e nos teus labios dicte o piloto automático, a ver se non tardamos tanto tempo en volver a vernos... a pesar diso, hai unha voz dentro que ouvea coma unha loba ferida mentres... adeus, adeus... xa non podo falar contigo e dáme as costas e eu espero confusa e perdida nesta tea de araña onde o meu corpo arrandea... espero... Contigo todo sería posible aínda, apagaríamos eses tambores que soan cada vez máis perto, como se apaga o sinal verde e os pitos para os cegos mentres avanzo con dúas, tres, catro, oito patas en dirección contraria ó meu desexo... coma unha funambulista nos puntos suspensivos deste paso de cebra, paz, guerra, paz, guerra... ¡Oh, Deus!, a cada paso que dou nace nalgures unha nova ausencia... preciso parar, preciso que deas a volta, que me apertes por detrás, que escoites esta esperanza demencial que berra dentro... ¡ámame, ámame...! mentres gotea sangue o disco en vermello e espero... espero...

ESCURO

Gustavo Pernas Cora

Alfonso Pexegueiro

Un dos máis claros renovadores da nosa poesía –xa dende os setenta– sempre á lúcida vangarda, sempre na creativa investigación. Capacidade crítica, inconformismo, xenialidade literaria. Felizmente regresado das Cataluñas, e felizmente –desexamos– para ficar, temos a honra e satisfacción de poder escoitar na súa propia voz esta tarde os versos de Afonso Pexegueiro.



Neste XXV aniversario da AELG, quero adicar a miña intervención poética a aquela primeira directiva da Asociación formada por Bernardino Graña, Ignacio Taibo, Salvador García Bodaño, Paco Martín e Luis Álvarez Pousa, e que tantas dificultades pasamos para levar adiante esta Asociación que hoxe cumple vintacinco anos.

Onte, na súa intervención, Camilo Franco falou de sinceridade e de referencia, e que en Galicia a primeira non se da e a segunda sempre se tenta de borrar. Eu quero manifestar, como primeiro secretario da AELG, que hoxe a Asociación é xa una referente obrigado en Galicia.

Poemas

Todo nos parece subterráneo
ata que as unllas da luz
escarvan na voz e falamos.
Todo nos parece silencio
deica temblar no amor.

Alfonso Pexegueiro

Quizais calquera tarde

Que alongadas, escuras historias do meu mar

Quizais calquera tarde
o temor se che meta no beizo e cho fenda.

A vida calará risa de amigo.
E de ti cinco paxaros de sede
baixarán ó campo.

Quizais calquera tarde
o temblor se che meta no beizo e cho fenda.

A vida calará cantigas.
E do teu peito
unha estación orgullosa de leite e centeo
baixará polo cedo ás nosas cidades.

(Narraríache a historia de ti mesmo se me pagases
dous peniques), así comezaba
aquela vella canción
londinense
baixo as rodas dun tren de mercancías

SON DÉBIL TOLA TORPE A MIÑA COLA SEN NERVIOS
ESTOU TOLA SOCIALMENTE TOLA/ E TEÑO
UNHA VIDA QUE CHE DICIR CANDO ME ESQUIVAS
INSUSTITUÍBLE O MEU XEITO DE VIVIR
ESTOU TOLA E DÍGOCHE QUE NO MÁIS PROFUNDO
QUIXERA A TÚA SOIDADE ALÍ ONDE
NO SERÁN DO HOME COLGÁMOS A NOSA BELEZA
E DÉMONOS PASO AO SALÓN

(por isto catro barcos cargados de escravos
se fundiron nas costas de África,
e colares para as nosas mulleres, feroz liberdade...)

Alfonso Pexegueiro

Os carros de Amandi

¡ABRIDE AS PORTAS, SOÑOS INMÓBILES,

que pasen os carros de Amandi!

a ela faltoulle tempo de baiar un dos bocois

(que todos ían cheos)

e darlle comezo á noite...

As putas son a porta do mundo, dixera Philippe Rosmey

ao desembarcar no porto da Coruña 500 escravos

indios procedentes de América.

A escravitude e as clases sociais son necesidades

económicas de poder... eu non fago máis que seguir

as leis naturais da lei

Ah, deus de outono, deusa da primavera

ante quen tódolos ceos se inclinan, P.,

esta, dixo o capitán Rosmey

(costas de seda

.....)

¿quen pode dicir que o que xa tocamos existe?

e o mar, capitán, *meu pobre e pequeno pueblo*, mandaremos

por viño a Amandi

e falaremos de cousas prohibidas,

miña señor, queimados vivos sen máis murmurio

que o dun periódico local,

¡gozarvos!

oh

si

ah

ti eras sabio nos tempos de luxo,

pero a miseria...
ti eras sabio... ¡chiss!
e os ollos coma pirámides, copulando,
ah, John, non..
...m...r... mon amour

(cen noites expropiadas)

pesadelos

toc

toc

toc

¿virá o cuco este verán?

Alfonso Pexegueiro

Luz Pozo

Luz pola luminosidade viva e sensual da súa verba, Pozo pola fondura dos seus versos maxistralmente construídos e Garza porque despregou ás por enriba de normas e fixo da súa vida e da súa obra exemplo libre, clásica modernidade e contemporaneidade eterna. Sentímonos agradecidos e privilexiados pola súa traectoria e hoxe, máis concretamente, por tela entre nós: Luz Pozo Garza.



NON CHE FURTEN RAÍÑA o teu nome de rosa
nin a lei dos silencios feridos que dominas

Era o nome unha flor que non se extingue
Era cruel a palabra que maceraba en corpo de infortunio

Era o gozo inocente do verbo que permite
chorar en silencio
A Rosa resignada que ningún sabe presentir

Non te furten Raíña ese alento dos labios que modulan
Non te furten o impulso das sílabas versais
A iteración divina que se imprime no nome da Rosa
O tránsito dos números que respiran en flor coma o Sar
cando nace

Era a palabra un diapasón no naufraxio da noite
A rosa rosa rosa
que dá tempero á alma

Conciencia que se cumpre nun designio de nomes e auroras
Potestade da flor que morre en tempo irreversible

Luz Pozo (de Vida Secreta de Rosalía)

QUERÍAS VER O MAR antes da morte
procurabas no mar a infinitude
un vo de eternidade
lonxe do desamparo da imaxe primixenia
nos minifundios da alma

Buscabas o absoluto no mar coma un espello vacilante
naqueles días posiblemente exhaustos
Nas avenidas de alcipreses nunha mañá fluvial
mesmo gloriosa dun Domingo de Ramos
Na realidade aceda de Galicia
Talvez no nome dos teus fillos...

Ollabas nos retratos esvaídos dos mortos
Na persistencia da saudade
Nos altares de outono
Na chuvia polas tempas e a caluga

Para matar o tedio
botarías barquiños de papel no regueiro do Pazo
cun poema moi triste escrito en letra inglesa
Collerías amoras nas silveiras dos camiños poirentos
Ramallos de mimosas
cómplices do regreso azul dos días

Sairían da escola os nenos do infortunio
cun mandilón a raias
e as pizarras transgredidas de cuspe

Contemplabas os espellos sen azougue da existencia
Era o mar a ferida dun anxeio infinito

Luz Pozo (de Vida Secreta de Rosalía)

AQUEL MAR INSUMISO e sempre meditado
–achegademe ó mar
abrir ventanas
no arrepió da morte hei ver as ondas

¿Era aquel o teu mar do final da existencia?
Un mar nunca esquencido e acaso recobrado
nunha memoria póstuma
na estación das camelias que suceden á morte
onde a luz é certeza

Mar insumiso da desesperanza
cómplice do abandono coma unha ave difundida no vento
Querías ver o mar en estado de fuga
o seu latir en tempos de infortunio

Buscabas a razón do teu destino
Na chuvia
Nos últimos navíos
No pacto das palabras
Nun aquel de escritura xa en quebranto
No vacío das cousas
No seu valeiro existencial e mudo

Ollabas no caderno perdido de follas amarelas
Na exigua permanencia das horas favorables
Na radical soidade
Na radical soidade
Na radical soidade coma un eco
Na radical soidade coma un oco

Luz Pozo (de Vida Secreta de Rosalía)

Diálogo de Amirgin

Así parlamenlei con Banba no seu reino
Así parlamenlei con Fotla no seu reino
Así parlamenlei con Eriu no seu reino
e prometín que Eire ha ser o nome de Irlanda
para sempre

Elas quixeron coñecer a miña identidade
e preguntou a raíña Banba:

Acaso es ti o tributario do Sol
o dono do misterio
a Lúa en fase crecente

E preguntou a raíña Fotla:

que sabes da correspondencia
dos sete metais
penetras na sabedoría dos Tuatha Dé Danann
na relación da arpa e o sistema solar

E preguntou a raíña Eriu:

coñeces o fulgor da escritura oghámica
o dominio das letras primordiais no cosmos
as sílabas que impulsan o navío
sen velas e sen remos

Eu Amirgin fun quen de responder:

intégrome na Ara Solis das Fisterras
na inmovilidade do centro místico
na forza ascensional da Tor de Breoghan

son a ponte que abrangue

as mil rías atlánticas das Fisterras

Luz Pozo (de As Arpas de Iwerddon)

Litofanías

Aquí reside a iniciación das formas
a mística da luz mais no principio
sería o milladoiro un contido enerxético
que arela xa unha forma

Pero quen deseñaron os ritmos megalíticos
Anta de Moruxosa na serra de Bocelo
Dolme de Axeitos Dolme de Dombate
Dolme de Legananny nas montañas de Mourne
Dronmberg Stone Circle no solsticio de inverno
Menhir de Kilmalkedar nun alfabeto oghámico
ou tantos achegados ó misterio da terra
a nosa Serra Faladoira de alucinados labirint os
e o meu sacralizado Circo de Stonehenge
en Salisbury
por onde moitas noites encomendo os meus soños
de espaciaos circulares e de ritmos concéntricos
Son as rodas solares dos nosos Finisterres
e esas pedras azuis que chantaron os deuses
ó redor dun altar centro do mundo e ónfalo
do Universo ...
Ben quixera eu pasar as noites de luada
nese centro do cosmos non-ser da riada mística
e enchouparme na luz dalgunha estrela ...

Apréndenos o culto destas litofanías
A cerimonia axial para o coñecemento místico
O rito do inconsciente na memoria solar

Luz Pozo (de As Arpas de Iwerddon)

Avalon Avalon

...e contemplar contemplo na alma toda
aquela illa ensoñada diamante fuxidío
nin sei como arribara a esta terra mistérica
que se oculta e reserva
e soube que era a Illa de Avalon ou País das mazairas
só tiña na memoria aquela estrofa incisa
asumida no tempo:

“Quel pays merveilleux que ce pays
les jeurnes n’y vieillissent point... _

e soube que era a terra das mazairas celestes
dos deuses hiperbóreos os donos do saber
da asolagada Atlántida
da asolagada Atlántida
da asolagada Atlántida...

...aquí non hai delirios nin paixón nin designios
hai camelias conscientes flores que deciden o aroma
a fragancia precisa para cada misterio:
crisantemos de inverno ou vellorita dos druídas
perennifolio acivro inda hoxe sacrosanto
ou glicinas exóticas consagradas a Dana ...
...e a ti oferendo Nai de todos os deuses
no ritmo boreal dos Tuatha Dé Danann
o alfabeto celeste
o dominio dos astros ...

En Avalon hai ramas de brancura incisiva
fritos de ouro purísimo e moi fráxiles
como de vento extremo distanciados e sen patria
non son manxares para dar sustento
son unha forma esencial de concordia absoluta
unha visión total da suprema harmonía ...

Oh música enigmática que ven de nin se sabe!
música que non se exprica por salterios nin cítaras nin arpas!
Oh luz radiante! Oh música que escurece os sentidos!
Oh rosa sen mudanza que fire docemente!
Oh eternidade que ascende vida e morte
nunha chama vivísima no exterminio da rosa ...!

Luz Pozo (de As Arpas de Iwerddon)

Ana Romaní

Como a palabra de mar, despois das últimas mareas puido chegar a arder, tanto cómo se pode seguir ao pé do canón dun diario cultural radiofónico durante trescentos sesenta e cinco... por trece, son preguntas inmensas que Ana Romaní non nos podería responder máis que coa forza sanadora dos seus versos, coa dozura sanadora dos seus ollos, coa temperanza da súa voz, coa súa poética intelixente e sensible. Que sorte que estea esta tarde en Poio Ana Romaní.



Será polos trueis que alguén toca o abismo e canta
a rabia da “nosa negritude no sudre das sentinas”
bebemos e cantamos
temos os ollos perdidos na liña do horizonte e alguén
usurpa as redes Estas mans que as tecen nos peiraos

Negro rastro do mar
densos artefactos como enxarcia iluminan as mareas
os círculos das aves asombradas son as runas deste espolio
bebemos ese leite escuro a diagnose do areal
bebemos e cantamos
as entrañas aireadas do cetaceo nos cantís

Será do ganapán que alguén toca o inferno en desafío e canta
o estigma da suor no suco en carne viva do liño
tiramos da costeira arrincamos das voces a furia que confiscan
boqueadas destes nomes na superficie espesa dunha sombra
bebemos e cantamos
a imposibilidade oblicua o seu horror

Saber que eu son deste silencio


Negro rastro do mar Este é o teu despoxo
Que nada me atormente tanto

E o paquebote esmaltado na lágrima das pílulas

Ana Romaní, Xaneiro 2003

Euloxio R. Ruibal

Un dos presidentes que, durante dous anos, regalou á Asociación de Escritores en Lingua Galega o seu talante cortés, a súa exquisita sensibilidade, a súa amable cordura, o seu harmonioso bo criterio, o seu xuízo conciliador, foi o dramaturgo Euloxio Ruibal. Citania se chaman dous dos seus amores, pero o principal seguirá sendo o teatro, desde a escrita creativa ao ensaio, representado, premiado e sempre impulsado polo seu fervor, o mesmo fervor que el esperta nos que o admiramos.



Eu, señora, inda que ultimamente tiven que facer de froiteiro, arxina fun sempre, desde un principio no que se perde en brétemas a miña memoria, e por arxina me teño. Deste oficio vivín ata que os tempos foron acabando con todo o natural de seu, que non hai outro labor máis fermoso no mundo que a arte de labrar a pedra, a golpe de buxarda, pico ou cincel, nun compás de pó e muxicas cantarinas. Vai, pedra, pedriña, vai, vai, pedra, pedriña, hala, vai, e vai, e vai, e vai, abalou.

A ninguén podó contar, que ninguén o crería, que muriei nas obras de fábrica de incontábeis cibas, a maioría granxanas, así como nos máis importantes monumentos da nosa terra, como na mesma Santa Comba de Bande, no mosteiro de San Pedro de Rocas ou na Catedral de Santiago, por referir só algúns. Igrexa grandiosa, por certo, esta cidade do Apóstolo, á que volvo cada Ano Xubilar, tan só para acariñar con estas miñas mans algunhas das innumerábeis canterías que teño labrado, sitas, xa na torre da Carraca, xa no cruceiro, xa no coro, xa no claustro, xa na fachada que agora chaman do Obradoiro e que nos diciamos do Hospital. E muriei sempre formando parte da cuadrilla do mestre Ruibal de Moraña, esixente no traballo, mais logo do abalou farrista coma calquera. En tempos do mestre Mateo aínda participou con todos nós, vellouqueiro e todo como ía xa, naquela tolaxada de mozotes que a piques estivo de costarnos excomuñón e cadea.

Alonxados alí das nosas mulleres como estabamos e escaseando naquel santo lugar de frades, artesáns, peregrinos e cregos como escaseaban, alguén dos nosos, creo recordar que o Cachote, atreveuse a ir unha noite de xeada, supoño que a afrouxar as tripas, ó portico onde Mateo e mailos seus daban fábrica con grande segredo, que ocultaban a obra con xigantescas teas de estopa da vista da xente. Resulta que, esquivando andamios, cabaletes, columnas e demais, acabou batendo en sombras, logo de ben voltas dar, ás apalpadas, cunha santa de pedra de redondos vultos formando figura bringuela e donda que o fixo entrar rápida e doadamente en fervenzas. Sen poderse conter, desfogou nela gozoso por veces varias.

Naquel santo burgo de homes inzado, natural foi que volvese á seguinte noite, e á outra, e máis ás que a estas seguiron. Entre idas e voltas, fuchicadelas e demais, acabou ideando o negocio de guiarnos en riola alí a todos os da cuadrilla, por seis reás de vellón por cabeza, coa promesa de que daríamos satisfacción ás nosas raxeiras. E así mesmo foi; e tanto demos en tornar, maiormente os días de cobro, que cadraban en sábado, pois ben se coidou o condenado compañeiro

de manter en secreto o camiño e dese xeito seguir a sacar proveito de nós, que axiña collemos vezo, fora polas ardencias de arrepuñar con femia, fora polo xeitosiña que a virxe aquela resultaba, fora por ámbalas dúas cousas, que ser non eramos de pedra, abofellas.

Ben que nos tiraba pasar por ela, pola pedra, ben, ben, polo que a resultas de tanto nela todos dar, a reu e a chou, non foi ningunha sorpresa que acabaramos por empreñala. Descubrírao o que levaba a conta das lúas, ó notarlle a falta, e nós, de arreconchegamento en arreconchegamento tamén llo fomos percibindo ó sentir como inchaba de ventre.

Os cregos non tardaron en decatarse do que acontecía e de contado puxeron vixiantes, que se non chega a ser pola toseira dun dos cans cos que eles aquela noite moura nos agardaban e que nos fixo fuxir espantados, maldito como nos cachaban alí a todos, e de seguro que antes da fuchicada, que sería o malo. Aínda que o peor foi que se nos acabou o desfogueo, e á pobre santiña, coitada, disque o coengo fabriqueiro obrigou a abortar a golpe de cincel, mandando despois rebaixarlle o ventre ó seu e pulirillo con fino asmeril para que non lle ficase sinal nin mácula. Algo, por iso, quedar quedoulle, o que son esas cousas, que como notar aínda se lle nota unha miguiña hoxe en día, sabéndollo mirar.

Pero a dicir verdade o que máis nos amolou non foi que nos deixasen sen esparcemento ó poñer xa dende aquela en diante gardas de segido, que foder fodeunos, senón ter o coñecemento, por boca dun axudante de imaxineiro, de que non fomos nós os causantes do empreñe, non, que seica fora un santo de pao que había por alí nunha sancristía.

O que son as cousas, comentara, para que vexades, do que o rapaz estaba totalmente certo, xuraba, porque fora xusto el mesmo encargado de lle prestar axuda ó oficial que lle ía meter a gubia ó santo, para castralo, seguindo as ordes tallantes do fabriqueiro. E disque non fora preciso, que xa a couza lles aforrara o traballo. Tal nolo perxurou, que non nos deixou con dúbidas, aínda que xamais soubemos de que santo en cuestión se trataba.

Sempre que por alá vou, cada Ano Santo, boto unhas olladas polos recantos por ver de descubri-lo, mais decote en van. E quizais sexa así mellor, que tampouco convén andar por aí laretándoo, nin isto nin estoutro. Moitas veces cómpre que os segredos vaian esmorecendo ata desaparecer, sen que memoria deles fique, pois hai certas vergoñas que deben taparse, ¿non lle parece?

Euloxio R. Ruibal (de Casarriba, 2000)

Rafa Villar

E para poñer o peche a este magnífico recital abano ben aberto, que mellor que a poesía calma, auténtica, humana, íntima e épica, conceptual e sensitiva, pequena e grande de Rafa Villar. Dende a Costa da Morte ata Poio pasando por Compostela. A súa coraxe, a súa entrega, a lealdade de Rafa, a súa amizade. E esta tarde, para despedirmonos, até outros vinte e cinco e moitos máis, a súa voz. Rafa Villar.



Costa da Morte

(1)

Hai un mar e unha terra dentro do mar que se crava fonda como unha espora, e un silencio que ás veces é un látego escintilante ao corazón da noite inmensa.

Somos esa vida desangrada tras os vidros manchados de argazo. Os nosos ollos nacen ao inverno e ao espanto como nós á loucura e ao berro. Perdidos faros alumean para sempre a nosa rota afundida.

Hai un mar de terra empuñada vomitando lume en nós. Unha dor antiga que nos queima. Un horizonte cego. Unha soidade. Somos como a ardora e o naufraxio, e navegamos calquera vento imposíbel.

Entre a terra e o mar só os nosos corpos ferozmente amarrados.

(2)

Porque somos tan de medo, tan acabados de vencer, fechamos portas e convocamos o silencio a golpes de campá como o recordo do lume baleirándonos, escarvándonos, se cadra sucumbíndonos, pero sempre a golpes de campá.

A pequena igrexa, o adro cheo de xente o día da festa, as flores para o santo e o latexar compasado dunha campá na memoria. Distinta ao tempo do medo, do rebumbio, da axitación, do perigo. Porque no mar tamén se arde, tamén. E temos medo.

Medo á terra negra, á chuvia da terra negra. Medo de todo o que nos lembre que somos vulnerábeis, ou digo débiles, ou sexa nada ou case nada para as voltas do mundo. Un vira-vira atolado que nos leva á súa vontade, case contra nós.

De aí o medo. De aí o silencio rescatado. De aí nós, náufragos dunha sorte maldita. Co frío entre as costelas.

Rafa Villar

rastros de mar

1

debullar con silencios
as raíces deste mar

todo el sombra
todo el nós

mar
encallado no tempo
golsando frío e usura

2

como aliviarmos os ollos
desta paisaxe atroz
que nos manca?

como cuspirmos as lascas da dor
cando o que sangramos
é espanto?

como naufragarmos futuro?

3

indicaría co dedo
que hai homes detrás da culpa
tinxidos de mentira

governos falsarios
e un capital famento das súas ruínas

co dedo indicaría tamén
un ronsel no horizonte
que terma de nós

4

esquecería
se me fose dado esquecer
tanto desatino
que nos deixa á intemperie

se me fose dado
facer da memoria
unha enorme balea branca sen feridas

5

para os que abrazan a súa impunidade
confiadamente
e mañá volverán
coa súa chuvia de alfinetes

un aviso:

non hai cantil
que soporte tanta infamia
ao descuberto

6

despois
armando os días
como un sopro terríbel
beberemos do mar
o seu devalo

ata escribirmos nas ondas
aquí era o inferno, meu capitán

7

tripada a náufraga memoria
no fondal de nós
fican rastros

o mar

o mar que se reinventa
para salferir en nós
máis mar

Rafa Villar, 2003

baixo estes farois de chuvia
os dedos levantan terra
e a voz é unha xeografía calada

o meu país
como gris espantallo
que se deshabita
a forza de esquecer

se cadra
somos unha patria de vagabundos
que trafican co frío máis espeso

pasa que ás veces
nin o mellor espello é quen de reflectir
esa soidade que nos amarra
cruel

e daría a miña sombra
por que unha rosalía amañecese outros poemas
para o mañá

Rafa Villar, 2005

Apéndice fotográfico



Camilo Franco.



Marga Romero e Miguel Anxo Fernán-Vello, na mesa: “10 anos de homenaxe ao escritor na súa terra”.



Antón Lopo.



Manoel Riveiro Loureiro.



Álvaro Lago.



Salvador García-Bodaño e Cesáreo Sánchez Iglesias.




Xerardo Méndez.



Xavier Queipo.



Xosé Vázquez Pintor.




David Otero.



Ignacio Taibo e Manoel Riveiro Loureiro.



Francisco X. Fernández Naval.



Carlos Mella e Cipriano Jiménez Casas.



Antía Otero.




Marta Dacosta.




Vázquez Pintor guiando os/as asistentes no roteiro pola cidade de Pontevedra.



O Concelleiro de Cultura de Pontevedra, Luís Bará, mostrando a súa cidade.



Miro Casabella.



Cesáreo Sánchez e Miguel Anxo Fernández Lores.



Miguel A. Fernández Lores, Alcalde de Pontevedra.



Vicente Araguas.



Suso de Toro.

Índice

Acto de apertura	
Intervención de Susana Portela, Concelleira de Cultura de Poio	7
Intervención de Luís Bará, Concelleiro de Cultura de Pontevedra	8
Intervención de Cesáreo Sánchez, Presidente da AELG	11
Intervención de Bernardino Graña	14
Intervención de Alfonso Pexegueiro	16
Conferencia inaugural	
Presentación a cargo de Mercedes Queixas Zas	19
«XXV anos de literatura galega» por Carlos López Bernárdez	21
Mesa redonda “O escritor na Galiza, presente e futuro”	
Presentación por Xurxo Souto	27
Intervención de María do Carme Kruckenberg	29
Intervención de Henrique Rabuñal	31
Mesa redonda « <i>Nó, Escrita e Contemporánea: testemuños da historia da AELG</i> »	
«Os monográficos literarios d’ <i>A Nosa Terra: exemplar construción da historia da Literatura galega</i> » por M ^a Pilar García Negro	35
Intervención de Xóse Manuel Álvarez Cáccamo	38
«Sempre se volve á revista» por Margarita Ledo	41

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR	
Percorrido polo casco histórico de Pontevedra	45
MARICA CAMPO	
Acto de homenaxe aos escritores asasinados na Caeira	49
Recital poético (presentación do acto por Yolanda Castaño)	
Rosa Aneiros	56
Lino Braxe	59
María Lado	62
Pilar Pallarés	68
Gustavo Pernas	70
Alfonso Pexegueiro	74
Luz Pozo	79
Ana Romaní	87
Euloxio R. Ruibal	89
Rafa Villar	92
Apéndice fotográfico	99

